

Erna

REVISTA GALEGA DE ECOLOXÍA
E MEIO AMBIENTE



Primavera 2003 • Número 38 • 3 €

VIDA

**Canteiras de Toén
O monte de San Pedro**

**Nunca máis
Voluntariado
Danos colaterais do fuel
Plan Galicia**

Patrimonio xeolóxico

Guerra

Complexo Medio Ambiental de Tratamento de R.S.U. e Asimilables

Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza



Concello de Brión



Concello de Lousame



Concello de Noia



Concello de Muros



Concello de Porto do Son

O pasado 5 de abril tivo lugar a inauguración do complexo medioambiental da Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza, cofinanciado polos fondos F.E.D.E.R.-POMAL Fondo de Cohesión con 3.996.730 euros dun investimento total de 9.616.194 euros.



Co obxectivo prioritario de xestionar os residuos axeitamente, os Concellos de Brión, Lousame, Muros, Noia e Porto do Son constituíron a Mancomunidade de Concellos da Serra do Barbanza poñendo en marcha o complexo medioambiental, que xestionado pola empresa Fomento de Construcciónes y Contratas, S.A., tratará os residuos xerados polos veciños/as de ditos concellos.

Coa entrada en funcionamento deste complexo, ponse en marcha o plan integral de residuos urbanos baseado nos seguintes principios:

- Máxima valorización dos residuos
- Unha tecnoloxía de vangarda
- Máximo respecto á natureza



A máxima valorización baséase na recuperación das fraccións reciclables, o aproveitamento da fracción orgánica dos residuos converténdoa en compost, e minimizando as cantidades consideradas "de rexeitamento"

CONTAMINANTES QUÍMICOS 12

MANUEL SOTO

CONSERVACIÓN

PATRIMONIO XEOLÓXICO (II) 14

FINS EIREXAS

IMPACTO AMBIENTAL

AS CANTEIRAS DE TOÉN 18

DAVID FDEZ. CALVIÑO E MANUEL FDEZ. CRUZ

O MONTE DE SAN PEDRO 20

MERCEDEZ PÉREZ

MARÉ NEGRA DO PRESTIGE

NUNCA MAIS: A DIGNIDADE DO PAÍS 22

RAFA VILLAR

AGRESIÓNS Á REDE NATURA 2000 23

XABIER VÁZQUEZ E MARTIÑO NERCELLAS

A APERTURA DA PESCA 27

XABIER VÁZQUEZ PUMARIÑO

PLAN GALICIA 29

XAN DURO E XOSÉ VEIRAS

VOLUNTARIADO 33

ADELA FIGUEROA PANISSE

CHAPAPOTE NO TEATRO 35

COMBA CAMPOY

GUERRA

POR PETRÓLEO MATA-SE 38

XOSÉ MARIA GARCIA

REXEITAR A AGRESIÓN 40

CARLOS TAIBO

O IMPACTO AMBIENTAL DA GUERRA 41

XABIER VÁZQUEZ PUMARIÑO

A ESCOLA DI NUCA MAIS A GUERRA 43

ANTÓN FIAÑAS

A NATUREZA NA LITERATURA

XERARDO ÁLVAREZ LIMESSES (I) 43

EMILÍO XOSÉ ÍNSUA

EN PORTADA: DETALLE DA CADEA HUMANA CONTRA O CHAPAPOTE, ORGANIZADA POLO COLECTIVO AREA NEGRA

EDITORIAL

PRODUCTIVISMO,
NUNCA MÁIS

A catástrofe do Prestige abriu os ollos a moita xente sobre algúns aspectos da realidade: a incompetencia e arrogancia dos gobernos "populares", o abandono e desprezo do noso país por parte do poder central, a extrema instrumentalización polo PP dos medios de información públicos..... Aínda que seguramente para menos persoas, tamén resultou reveladora das consecuencias do neoliberalismo (estado mínimo, cobiza empresarial sen límites) e dun modelo enerxético excesivamente dependente do petróleo, que nos condena a sufrir as consecuencias de mareas negras periódicas e do cambio climático.

O industrialismo, a visión a curto prazo, a liberdade absoluta das forzas de mercado, leva a un calexón sen saída. Nega a esperanza á maior parte da Humanidade e ás xeracións futuras. Provoca innumerábeis "mareas negras" no noso país e en todo o planeta: esgotamento de recursos naturais, contaminación química, eucaliptización, cambio climático.... Máis destrución e menos calidade de vida.

A resposta governamental para superar o desastre do Prestige dificilmente podía ter sido peor: o "Plan" Galicia. O mundo ao revés. Contra a marea negra, máis chapapote. Máis autovías, autoestradas e vías rápidas para consumir máis petróleo e destruír máis natureza. Un hipotético porto exterior para estragar máis a costa.

Na raíz da catástrofe do Prestige, entre outros factores, está unha concepción do desenvolvemento que ten indicadores ecoloxicamente tan perversos como o (alto) consumo de enerxía ou o (elevado) número de quilómetros de autoestradas; unha concepción que identifica benestar con despilfarro e consumismo, que o reduce todo ao aumento do Produto Interior Bruto.

A resposta á catástrofe do Prestige non é máis do mesmo. Non o debe ser. É desenvolvemento sustentábel. Que supón isto para os poderes públicos?. Entre outras cousas, implementar ambiciosos planos de aforro e mellora da eficiencia enerxética; desenvolver racionalmente as enerxías renovábeis; favorecer o transporte colectivo en detrimento do automóbil privado; reducir, reutilizar e reciclar os residuos; incentivar as tecnoloxías limpas; aproveitar intelixentemente os recursos naturais, sen caer no pan para hoxe e fame para mañá; conservar e valorizar o noso patrimonio natural, etc, etc.

Como recolle a Axenda 21 adoptada no Cumio do Rio de Janeiro sobre Ambiente e Desenvolvemento, as autoridades locais poden desenvolver un importante papel na promoción da sustentabilidade. Convén lembrarlle aos gobernos municipais saídos das eleccións.



Tel: e Fax: 981 570 099
Praza Camilo Díaz Vialino 15, 2º A
15704 Santiago de Compostela
E-Mail: adega@ctv.es. Web: www.adeagaliza.org

CONSELLO DE REDACCIÓN:

Silvia Amor, Elvira Cienfuegos, Emilio Ínsua, Daniel López Vispo,
Santiago Ortiz, Xesús Pereiras, Pepe Salvadores, Alberte Sánchez, Manuel Soto, Xosé Veiras.

EDITA: ADEGA (Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza). Primavera - 2003

Tanto en artigos como noutras colaboracións, respéitase a normativa lingüística do autor. CERNA non se fai copartícipe, necesariamente, das ideas, opinións e afirmacións dos autores. Todo o material da revista pode ser reproducido sempre que se cite a fonte, esceptuando as fotografías de portada e contra portada, para as que sería necesario contar co permiso dos autores. CERNA edita-se en papel reciclado 100 %, para preservar os bosques e contribuír á reciclaxe do lixo. As capas son de papel libre de cloro.

ESCULTURA DA CONTRACAPA
Frank Faller

DESEÑO
Xan G. Muras

MAQUETACIÓN E IMPRESIÓN
Grainova, S. A.

FOTOGRAFÍA DA CONTRACAPA
Peter Schneider

FOTOGRAFÍA DA CAPA
Xurxo Lobato

Depósito Legal: C-913-1986
ISSN: 1136-2677

ORGANIZADA POR ADEGA-OURENSE NA CIDADE DAS BURGAS

XXVIII ASEMBLEA XERAL DE ADEGA

Xan G. Muras



Manolo Soto, ex-presidente. Continua formando parte da directiva da Asociación

A asemblea tivo lugar a fin de semana do 22 e 23 de marzo en Ourense, unha cidade na que ADEGA adquiriu un forte impulso co traballo de denuncia da catástrofe do Prestige e a organización do voluntariado. O programa incluíu conferencias sobre as consecuencias do lume no monte galego, sobre os proxectos de recuperación na Antela (A Limia) e os aspectos legais da marea negra do Prestige, así como unha excursión a Toén para coñecer a problemática das canteiras. Por outra banda, ademais de asistir á manifestación contra a guerra o sábado pola tarde polas ruas de Ourense, tivemos a ocasión de disfrutar dun baño e relaxación na "Chavasqueira", experiencia que sorprendeu a todas aquelas per-

Xan G. Muras



Xan Duro, novo Presidente Nacional de ADEGA

soas que se decidiron e que recomentan altamente.

O sábado pola tarde e o domingo pola mañá debatíronse e aprobaron-se os informes de actividades, organizativo e económico e acordaron-se as liñas de actuación para o ano 2003, que incluíron unha programación detallada en cada un dos eidos indicados máis abaixo. Asímismo, introducíronse cambios organizativos para mellorar o funcionamento da asociación, entre os que destacan a formalización da Comisión Permanente e a creación dunha Secretaría Executiva. Tamén se renovou a Xunta Directiva Xeral, que pasa a estar presidida por Xan Duro, ao deixar a presidencia Manuel Soto. De entre os diversos eidos secto-

riais, a Asemblea acordou impulsar o traballo en dous deles até o de agora algo esquecidos: pacifismo e globalización, por unha banda, e información ambiental, participación e democracia, por outra. Asímismo prestou-se atención a mellora das ferramentas de divulgación, tomando-se en consideración a proposta de creación dunha revista electrónica e optimizando en conxunto os diferentes medios dispoñíbeis.

A Xunta Directiva Xeral de ADEGA está conformada polos membros da Comisión Permanente e as vocalías, así como un representante de cada unha das localidades nas que a Asociación conta con organización. Na Asemblea Xeral elixíronse os membros da Comisión permanente e vocalías, que son os seguintes:

Comisión Permanente

- **Presidencia:** Xan Duro
- **Vicepresidencia:** Daniel Vispo
- **Secretaría Xeral:** Alberte Sánchez
- **Vicesecretaría Xeral:** Virxinia Rodríguez
- **Tesourería:** Maria Xosé Rodríguez
- **Vocal 1:** Xabier Vázquez
- **Vocal 2:** Xosé Salvadores
- **Vocal 3:** Manuel Soto

Outras vocalías membros da Xunta Directiva Xeral (por áreas):

- **Educación ambiental:** Ramsés Pérez
- **Enerxía:** Fins Eirexas
- **Saude Ambiental:** Luis Díaz
- **Agroecoloxía:** Fernando Malvar
- **Información e participación ambiental:** Adela Figueroa
- **Pacifismo e globalización:** Xosé M^a García
- **Forestal:** Xosé Veiras

Ademais, das seguintes áreas de traballo responsabilizarán-se diferentes membros da Comisión Permanente:

- **Transporte, Documentación:** Xan Duro
- **Auga:** Virxinia Rodríguez
- **Biodiversidade:** Xabier Vázquez
- **Ríos:** Xosé Salvadores
- **Resíduos, Publicacións:** Manuel Soto

Segundo o acordado, a persoa titular da Secretaría Executiva corresponde-lle elixila cada ano á Xunta Directiva, á proposta da Comisión Permanente, tratando-se dunha persoa contratada a tempo completo. Finalmente, na súa reunión de finais de abril, a Xunta Directiva elixiu para esta tarefa á Xosé Veiras.

A CONSELLERÍA DE OBRAS PÚBLICAS INCUMPRE AS RESOLUCIÓNS DE MODIFICACIÓN DO PROXECTO DE VIA RÁPIDA

• BURLA AO MORRAZO •

Non é novo que os Estudos de Impacto Ambiental que a dita consellería fai sobre as obras que leva a cabo sexan os documentos máis inútiles que existen debido á súa pobreza, ao falseamento de datos, á falla de rigor... incumprindo a lexislación e convertendo nun basto fraude o proceso obrigatorio de audiencia e participación cidadá, deixando indefenso todo aquilo que se debe protexer. Pero a Consellería non queda aí, e chega ao extremo de modificar unilateralmente as esixencias da Declaración de Impacto Ambiental (DIA). A DIA do proxecto de vía rápida do Morrazo impuxo, entre outras modificacións, a de apartar o trazado cara o norte para non afectar ao Castro de Montealegre e a construción dun falso túnel en Broullón para reducir o impacto visual e acústico. Pois ben, estas modifi-

cacións non se executarán por decisión da CPTOPV, sen consultar nin informar ó órgano ambiental que aprobou a DIA, como sería preceptivo, segundo subemos polo Valedor do Pobo. A Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental tampouco coñece "o proxecto de trazado nin o resto da documentación adicional requirida". ¡Para tremer! Mentres agardamos o pronunciamento da Dirección Xeral de Patrimonio Histórico, do Consello da Cultura Galega, da UNESCO, da Comisión Europea, ou a recibir o expediente da CPTOPV para un contencioso, presentamos agora unha petición ao Parlamento Europeo agardando aínda atopar xustiza. Plataforma Anti-Vía Rápida do Morrazo (Abril 2003). www.arrakis.es/~morrazo

COTO DO FRADE ORGANIZOU A ASEMBLEA ANUAL DA FEG

A FEG DEFENDE A AXENDA LOCAL 21 E A REDE NATURA 2000

NA ASEMBLEA ANUAL DO 29 DE MARZO EN RIBADAVIA, A FEG APROBOU O PROGRAMA DE TRABALLO PARA OS PRÓXIMOS DOUS ANOS E RENOVOU A COMISIÓN PERMANENTE.

A FEG considera que a Axenda 21 Local (A21L) é un instrumento básico para promover o desenvolvemento sostíbel a nivel local, polo que desde hai 3 anos está contribuíndo á súa difusión no noso país. A xuízo da FEG, un proceso de A21L, para ser sostíbel, ten que fomentar unha participación social intensa e introducir criterios sostíbeis en todas as políticas municipais, pois a A21L non só é cousa das Concellerías de Medio Ambiente. A FEG demanda á Xunta, ás Deputacións e á FEGAMP a adopción dun ambicioso programa de apoio á A21L.

A Rede Natura 2000, a futura rede de espazos naturais protexidos da UE, é unha oportunidade para compatibilizar a conservación dos espazos naturais máis valiosos coa mellora do benestar das persoas que viven neles. A FEG solicita a ampliación da proposta galega de espazos propostos para a Rede Natura 2000 e un compromiso moito maior da Consellería de Medio Ambiente coa protección dos lugares susceptíbeis de formaren parte da Rede Natura 2000. A maioría das zonas litorais propostas para a Rede Natura 2000 resultaron prexudicadas pola marea negra do Prestige.

A asemblea aprobou resolucións contrarias ao proxecto de vía rápida do



Morrazo, á ampliación do paseo marítimo da Coruña polo monte de San Pedro-San Roque, e á realización da concentración parcelaria nas veigas de Rairiz, a derradeira zona de alto valor ecolóxico que resta na comarca ourensá da Limia. Asemade, demandou a adopción por parte dos gobernos español e galego de estratexias eficaces de loita contra o cambio climático e valorou moi negativamente a decisión de ENDESA de ampliar o ciclo de vida da central térmica de carbón de As Pontes ata o ano 2023.

Os asistentes á asemblea puideron coñecer o importante traballo desenvolvido por Coto do Frade durante os últimos anos na comarca do Ribeiro, especialmente en defensa dos ríos. As asociacións ecoloxistas do interior do país puxeron de relevo as outras "mareas negras" que estragan o noso ambiente: incendios, encoros, canteiras, parques eólicos en espazos naturais...

EN DEFENSA DO FERROCARRIL

ADEGA INGRESA NA COORDENADORA ESTATAL EN DEFENSA DO FERROCARRIL, ADHERÍNDOSE AO MANIFESTO DE VALENCIA "POR UN FERROCARRIL SUSTENTÁBEL, PÚBLICO E SOCIAL"

Este Manifesto esixe a derogación do Plano Director de Infraestruturas 2000-2007, por ser anti-ecolóxico, antisocial e desperdiciador de recursos, así como a renuncia á construción de novas liñas ferroviarias destinadas ao uso exclusivo de trens de alta velocidade estricta (350 Km/h). Propón a reconversión das actuais liñas AVE

para facelas socialmente máis útiles e capaces de soportaren tanto tráfico de paxaseiros como de mercadorías. Finalmente, demanda manter o ferrocarril como servizo público de titularidade pública no que prevaleza a rendibilidade social fronte ás políticas privatizadoras, e invirta a tendencia cara á insostentabilidade do actual modelo de transporte.

BREVES

ENERXIA

O CAMBIO CLIMÁTICO E ENDESA DAN-SE A MAN. Endesa é a 4ª empresa de xeración de electricidade de Europa que máis contribúe ao cambio climático, con emisións próximas aos 73 millóns de toneladas de CO₂ anuais, dos cais uns 15 corresponden á central térmica de carbón de As Pontes. Unión FENOSA, con 14,5 millóns de toneladas de CO₂, tamén está entre as 20 empresas eléctricas con maiores emisións anuais de CO₂ de Europa.

A OCULTACIÓN DO IMPACTO DA ELECTRICIDADE

está a ser permitida polos ministros europeos de enerxía, que ceden ás presións das eléctricas, contrarias a informaren aos consumidores sobre o impacto ambiental da electricidade que comercializan. As principais organizacións ambientalistas europeas demandan que as eléctricas dean a coñecer unha serie de datos, como o desglose de CO₂ e residuos radioactivos ou a importancia relativa de cada fonte de enerxía. O desglose obrigatorio das fontes de enerxía xa se fai en 19 estados norteamericanos e en Austria e, proximamente, fara-se tamén en Holanda.

INFRACCIÓNS

A COMISIÓN EUROPEA DENÚNCIA A ESPAÑA por non ter comunicado información relativa a posibles infraccións ambientais denunciadas por cidadáns ante a UE. Dous destes casos corresponden a Galiza, tratando-se por unha banda dun proxecto hidroeléctrico no Ulla previsto nun espazo proposto para a Rede Natura 2000, e por outra das modalidades de regulación da caza na provincia de Ourense, ao non ser o período de caza do paspallás (Coturnix coturnix) conforme ao previsto na Directiva sobre conservación das aves silvestres. As denuncias relativas ao medio ambiente representan unha proporción importante do total de denuncias recibidas cada ano pola Comisión.

PREMIO

PEDRO ARROJO, presidente da Fundación Nova Cultura da Auga, de ámbito ibérico, e promotor do Congreso Ibérico sobre Xestión e Planificación da Auga, recibiu o pasado 14 de abril en San Francisco (California) o Premio Goldman 2003, considerado como o nóbel da ecoloxía. En palabras de Pedro, "este premio debe ser

(pasa a páxina 6)

(ven da páxina 5)

sen dúbida entendido como un premio colectivo a decenas de colegas, profesores universitarios e expertos, pero sobre todo a decenas de miles de persoas que veñen levantando en España ese movemento por unha nova cultura da auga que empeza a xerar admiración en Europa e incluso a nivel mundial". Cabe resaltar o feito de que este importante premio chegue por primeira vez a España no Ano Internacional da Auga, e que Pedro Arrojo participara en Santiago de Compostela e en Caldas de Reis en xuño de 2000 nunhas xornadas galegas a favor dunha nova cultura da auga organizadas por Coagret, ADEGA e a Coordinadora contra o encoro de Caldas (vexa-se Cerna nº 30).

TURISMO

TURGALICIA RIDICULIZA A IMAXE AMBIENTAL DE GALIZA.

Polo nivel de ignorancia e falla de cultura e sensibilidade ambiental que manifesta, e polo fomento da desinformación e a deseducación ambiental da sociedade, ADEGA criticou a campaña de publicidade turística do organismo Turgalicia. Os anuncios, que pretenden ofrecer unha imaxe idílica da Galiza do interior, inclúen imaxes do monocultivo de eucaliptus, un dos maiores problemas ecolóxicos que ten Galiza, ao ser en boa medida irreversible e afectar a biodiversidade. Contradictoriamente, os turistas en xeral atraídos pola natureza saben desde hai tempo da grave crise ambiental que vive Galiza e amosan unha elevada sensibilidade, polo que esta campaña pode ser contraproducente.



O NÚMERO DE PRAZAS DISPOÑÍBEIS QUEDOUSE PEQUENO RAFTING E SENDEIRISMO POLO ULLA CONTRA OS ENCOROS

Xoán Louzao Rguez (COGADER)



O pasado 26 de abril COGADER –en colaboración coas empresas de turismo activo Arrepións, Turnauga, e Vaguada– organizou unha baixada facendo rafting polo río Ulla. O acto enmárcase dentro das accións que se veñen lavando a cabo dende fai catro anos contra os encoros que Fenosa pretende construír neste río.

Percorréronse doce quilómetros de río (entre os concellos de Touro e Vila de Cruces) augas abaixo do encoro de Portodemouros, dos cales os dez primeiros desaparecerían con dous dos seis encoros proxectados. Hai que lembrar que estas dúas presas teñen unha altura de 30 metros cada unha (como a do encoro de Caldas no Umia), irían unha a continuación da outra e anegarian dez km de río.

Os cen participantes no rafting, que cubriron todas as prazas dispoñíbeis, xunto cos piragüistas e as persoas que fixeron o roteiro a pé, poideron comprobar in situ o tremendo atentado medioambiental que se pretende cometer. Neste tramo o río baixa encaixonado formando os canóns do Ulla, con un bosque de ribeira a ambas marxes con especies autóctonas, o que lle dá unha gran beleza paisaxística.

Cogader denuncia as irregularidades na tramitación destes proxectos e espera que a sentenza do TXG que anula unha concesión da Xunta para unha minicentral no Lañas (Touro) polas irregularidades cometidas sirva de precedente e marque un punto de inflexión no proceder da Administración galega na política de Augas.

CAMPO DE TRABALLO EN CARNOTA

“APOSTANDO POLO AZUL”

Carnota, un dos concellos máis afectados pola marea negra do Prestige da Costa da Morte, foi cenario do 12 ao 20 de abril dun campo de traballo organizado por ADEGA xunto coa Escola de Tempo Libre Paspallás e os concellos de Pontevedra e Carnota.

Desenvolveuse na antiga Escola unitaria de Caldebarcos, agora resturada e que nun futuro podería ser unha escola de tempo libre cunha programación anual. Os participantes foron 40 persoas de Galiza e algunhas do Estado español especialistas en diferentes campos (bioloxía, ciencias do mar, ambientais, tempo libre, educación social, etc) apoiados por 9 monitores. As liñas de traballo concretáronse nas seguintes:

- Un “coastwatch” ou auditoría ambiental do tramo de costa de Carnota, adaptando a metodoloxía do programa europeo de educación ambiental “coastwatch” ao caso desta marea negra.

- Un sistema de detección de bolsas de fuel soterradas pola area a través de catas na praia de Caldebercos.

- Análise da actuación da comunidade durante a catástrofe: a través de entrevistas as veciñas da zona, mariñeiras e pescadoras, ademais dunha recopilación de material gráfico feito por diferentes colectivos e un dossier de prensa; búscase elaborar un documento no que se reflecta cal foi a resposta da comunidade de Carnota e a actuación das diferentes administracións implicadas.

- O propio Campo de traballo: actividades de animación, lecer, debates, postas en común e convivencia de todas as participantes, así como o traballo tendente á distinción e implicación da propia comunidade de Carnota nas actividades.

Catro subgrupos rotaron polas tres primeiras actividades e participaron colectivamente na cuarta. Nun futuro número de Cerna, expóranse os resultados finais deste Campo de traballo.

ADEGA-COMPOSTELA: PRESTIGE, GUERRA, A21L, ELEIÇÕES...

ADEMAIS DAS ACTIVIDADES SOBRE CUESTIÓNS DE MAIOR ACTUALIDADE COMO A GUERRA E O PRESTIGE, ADEGA-COMPOSTELA VEN DE PRESENTAR AOS GRUPOS POLÍTICOS AS "PROPOSTAS AMBIENTAIS PARA UN CONCELLO SUSTENTÁBEL", E DE RETOMAR O SEU TRABALLO COTIDIANO A PROL DO DESENVOLVEMENTO DA AXENDA 21 LOCAL E DE RESTAURACIÓN AMBIENTAL, A TRAVÉS DO PROXECTO DE REFORESTACIÓN DO VERTEDOIRO DE ARÍNS. ASIMESMO O PASADO ABRIL RENOVOU A SUA XUNTA DIRECTIVA.

ADEGA - Compostela participou na manifestación nacional contra a guerra do 6 de Abril cunha orixinal iniciativa denominada "Non máis guerras por petróleo: enBICIA-te". Encabezaron a manifestación montados en bicicletas como denuncia da finalidade espoliadora de petróleo da invasión de Iraq. Pediron á cidadanía unha redución drástica do uso petróleo, xa que nos converte en cómplices dunha guerra pola súa posesión, e reivindicaron a bicicleta como o medio óptimo para moverse na cidade e incluso para traxectos interurbanos, en combinación cos transportes colectivos. Defendieron a bicicleta como arma de paz, de concienciación, de respecto ao medio ambiente e de solidariedade con todos e todas as que sofren as consecuencias da sede desaforada de recursos que ten o suposto "mundo civilizado".

Tamén celebrou o pasado 26 de abril a III Edición dos Premios Dioxina e Osíxeno á Mellor e Peor Actuación Ambiental do Ano. O Premio Dioxina outorgouse por unanimidade a Francisco Álvarez Cascos, Ministro de Fomento, pola "transparencia, eficacia e acerto" das súas actuacións relativas ao Prestige. O Premio Osíxeno outorgouse á Plataforma Nunca Máis por ter aglutinado e canalizado a defensa do noso patrimonio natural dun xeito descoñecido na Galiza ate o de agora. O Premio Osíxeno recolleuno Ramiro Oubiña en nome da Plataforma Nunca Máis. Álvarez Cascos non contestou a nosa invitación.

PROPOSTAS AMBIENTAIS PARA UN CONCELLO SUSTENTÁBEL

Estas propostas recollen todas as medidas que dende ADEGA-Compostela valoramos como definitivas para acadar a sustentabilidade nos distintos aspectos que conforman hoxe en día unha cidade moderna: as propostas abranguen campos como transporte e mobilidade, residuos e contaminación, xestión da auga, enerxía, educación ambiental, urbanismo e equidade. Presentáronse publicamente aos distintos candidatos municipais.

O Concello de Santiago xa comezou hai tempo a dar os primeiros pasos cara a aplicación da Axenda 21 Local cunha auditoría ambiental para coñecer o sue estado ambien-

tal. En base a isto, ADEGA-Compostela presentou unha primeira batería de proxectos a desenvolver para corrixir as deficiencias detectadas. Agora mesmo estamos a traballar dentro do Consello Municipal de Medio Ambiente e das Comisións Sectoriais para avanzar cara á aplicación das propostas presentadas, incluíndo novas iniciativas.

O vertedoiro de Aríns, antiga mina de wolframio que actualmente alberga o depósito municipal de residuos inertes, está en proceso de recuperación ambiental. Trátase dun proxecto de ADEGA iniciado no 2001 que se complementa con actividades de concienciación e educación ambiental.

Cómpre salientar tamén a elección en Asemblea Ordinaria da nova Xunta Directiva da delegación, na que asumiu Carlota de Vega as funcións de Presidenta, Valeri Esteban i San Julian as de Secretario e Luís Cachafeiro a Tesourería, sendo vocais Xose Sanz Rincón, Encarna Marín e Virxinia Rodriguez.

Reunións: os mércores ás 21:00 h. (abertas a todos e todas os que queiran achegarse)

Lugar: Praza Camilo Díaz Valiño, 15 - 2ªA (diante da estación de autobuses de Santiago)

Contacto: tel. 981 570 099

Enderezo E: adega@ctv.es

PRESTIGE

XAVIER VENCE, catedrático de Economía Aplicada da Universidade de Santiago afirma que, para superar o atraso de Galiza en relación coas áreas máis desenvolvidas de Europa, "as solucións non son máis doses de cemento e chapapote, como na última década, que se traduciron nun fracaso sen paliativos, senón outro tipo de accións que sexan, por un lado máis cualitativas e, por outro, máis estratégicas".

FUEL TÓXICO. Unha muller de Muxia estaba a ver o buque Prestige a catro millas da Pedra de Abalar mentres escoitaba a Raxoi dicir na televisión que estaba a oito millas da costa e que o fuel non era tóxico; días despois, chegada a maré negra até as mesmas casas, esta muller sentiu-se mal e pensou que se debía á cebola e ao peixe, pero como o malestar ia a mais, tivo que ingresar no Juan Canalejo, onde lle diagnosticaron intoxicación por fuel. "Se Raxoi mentiu sobre a localización do Prestige cómo non desconfiei del cando dixo que o fuel non era tóxico?; se chego a desconfiar non me tería posto tan mal"; afirmou a muller (ANT nº 1078, 16-04-03).

UNHA BOMBA NA CORUÑA: REPSOL-YPF. Esta empresa, responsable da maré negra do Aegean Sea e do Urquiola, continua fretando buques inseguros sen importar-lle as consecuencias das catástrofes ecolóxicas. Segundo Greenpeace, o pasado 15 de marzo entraba no porto de A Coruña o moncasco IST de bandeira liberiana para descargar 78.374 tone-

(pasa a páxina 8)



O grupo de socios e socias de ADEGA na manifestación contra a guerra do 6 de abril

(ven da páxina 5)

ladas de petróleo; fretado por Repsol, este monocasco ten 16 anos de antigüidade e foi retido dúas veces por deficiencias que se repiten. Por outra banda, na factoría de Respsol-Ypf en A Coruña tivo lugar a mediados de abril unha grave explosión e incendio, accidentes que se veñen repetindo con moita frecuencia; os veciños de Bens e Meicende realizan contínuas protestas e reclamacións polos danos causados pola contaminación e polas dificultades reais para respirar nos seus barrios e vivendas.

AS AUTORIDADES ESPAÑOLAS E GALEGAS, que presumen de resolver problemas como o do Prestige proibindo a circulación de buques monocasco con fuel e esquecendo-se do 93% dos petroleiros que entran nos portos europeos que non transportan fuel, non tiveron inconveniente para contratar con Repsol e outras petroleiras as accións (até o de agora promesas) para eliminar o buque afundido: unha vez mais, comproba-se que as multinacionais sacan beneficio primeiro pondo en risco os recursos naturais das poboacións locais e despois cobrando por aparentar que resoven os problemas.

A TOXICÓLOGA AMPARO CASAL asegura non temer que haxa contaminación nos alimentos que cheguen ao consumidor: "non é polo interese da Administración polas persoas, senón porque ese peixe tamén hai que exportalo e para iso si hai controis moi duros", explicou (ANT nº 1078, 16-04-03).

NUNCA MAIS responde a Rajoy sobre o sentido da manifestación do 4 de maio: "Sobran-nos os motivos. Case médio ano despois do desastre do "Prestige" continua a mesma situación de desamparo e indefensión do noso país diante das marés negras, e o mesmo comportamento soberbio e prepotente do Goberno español e da Xunta de Galiza. Non existe solución definitiva nen urxente aos restos do "Prestige". Seguen a aparecer manchas de fuel no noso litoral. A día de hoxe, non existen os medios de protección necesarios para poder neutralizar as manchas ali onde hai que face-lo, no mar, antes de que cheguen ás costas. Tampouco se adoptaron as medidas de prevención necesarias para evitar que se reproduza un accidente destas características".

COORDINADO POR ADEGA EN COLABORACIÓN COA OFICINA MUNICIPAL DO VOLUNTARIADO

O VOLUNTARIADO DESDE LUGO

ADEGA-LUGO CONSTITUIUSE DESDE O PRIMEIRO MOMENTO DA CATÁSTROFE DO PRESTIGE COMO UN REFERENTE PARA A TODA A SOCIEDADE LUCENSE NO RELATIVO Á LIMPEZA DA COSTA, AO LABOR DO VOLUNTARIADO E AO ASESORAMENTO PARA ESTA TAREFA. ADEGA CHEGOU A UN ACORDO COA RECÉN CREADA OFICINA MUNICIPAL DO VOLUNTARIADO DO CONCELLO (ÁREA DE SERVIZOS SOCIAIS), PARA EXERCER A COORDENACIÓN DOS GRUPOS DE VOLUNTARIOS/AS. ESTE TRABALLO COMPLETOUSE CON NUMEROSAS CHARLAS, MAIORMENTE EN CENTROS ESCOLARES, INFORMANDO DO ALCANCE DA CATÁSTROFE E IMPLICANDO A TODA A SOCIEDADE NA RESPONSA Á MESMA.

O resultado non puido ser mellor, polas numerosísimas persoas que se puxeron en contacto con nós para ofrecer o seu traballo voluntario ou para doar material para a realización desta labor. Van xa uns 1000 voluntarios/as que nas fins de semana realizaron a limpeza de praias. Estivemos en Camelle, Carnota, Fisterra, Cervo, Corme, San Cibrao, Ferrol, Muros, Carballo, Corcubión...

Están saíndo grupos coordinados por ADEGA-Lugo desde o sábado, 21 de decembro, por aquel entón mais numerosos do que agora a finais de abril. Para contrarrestar a caída da participación, e sendo coñecedores de que segue existindo esta necesidade, decidimos emprender unha campaña de animación ao voluntariado que consiste na edición dun cartaz co lema "En primavera axudanos a dar cor ó mar", en solicitar informes das confrarías que avalen esta petición, e en organizar grupos xurdidos de empresas, ximnasia, asociacións, etc.

Como é sabido, todos os/as expertos/as coinciden en que a verdadeira urxencia e extraer canto antes o chapapote da costa, tendo en conta que a día de hoxe aínda hai zonas sen tocar, e contando con que temos un barco afundido fronte ás nosas costas que segue botando fuel, agardamos poder seguir realizando esta labor mentres o problema exista.

ADEGA-Lugo considerou necesario sensibilizar a toda a sociedade da gravidade dun feito de tal magnitude, facéndolle sentir a todo o mundo que todos/as estamos afectados/as pola catástrofe. Para isto, tamén en colaboración coa Oficina Municipal do Voluntariado, decidimos crear un grupo composto por diversos profesionais para

organizar charlas, mesas redondas e outros actos en diferentes institutos ou con asociacións de todo tipo. A resposta por parte dos institutos e centros de ensino foi case inmediata e acadou un nivel de implicación alto neste proxecto, aínda que non podemos dicir o mesmo das asociacións.

Organizaronse actos en múltiples localidades (Lugo, Monforte, Sárria, Monterroso, Palas de Rei, Chantada, Castro, Mondoñedo, A fonsagrada, Carballedo, Rábade, Guitiriz, A Pastoriza, A Pontenova, Viana do Bolo, Pontevedra, Universidade de León), cun altísimo nivel de implicación e participación de profesorado e alumnado, que incluso fixo necesario solicitar locais dos concellos para poder acoller a todas as persoas interesadas ou a organizar dous actos por centro no mesmo día. A visión de ADEGA sobre a catástrofe espallouse amplamente, e o esforzo foi recoñecido por moitos centros que felicitaron a ADEGA e brindaron a súa colaboración para vindeiras ocasións. Quedan pendentes algunhas charlas, incluídas tres en Madrid.

Reunións: todos os martes ás 20:00 h. (abertas a todos e todas os que queiran achegarse)

Lugar: rua Miguel de Cervantes, 47 entrecan - Lugo

Contacto: tel. 982 813 338

Enderezo E: adegalugo@wanadoo.es

VOLUNTARIOS/AS DE ADEGA-LUGO

Oficina Municipal do Voluntariado
Teléfono: 982 284 812

SEGUES SENDO NECESARIO

Apuntate para axudar na limpeza da costa

RESÍDUOS DE FUEL: MAREA NEGRA NO INTERIOR

A CONTAMINACIÓN PRODUCIDA POLO FUEL DO PRESTIGE NON AFECTA UNICAMENTE Ó MAR E A COSTA. OS RESÍDUOS TRASLADAN A CONTAMINACIÓN Ó INTERIOR, ÁS BALSAS DE FUEL DESDE AS QUE PODE HABER FILTRACIÓNS SE NON ESTÁN TOTALMENTE IMPERMEABILIZADAS, COMO XA SE DEMOSTROU, OU ÁS DIFERENTES OPERACIÓNS DE MANEXO E TRATAMENTO FINAL. A ADMINISTRACIÓN SEMELLA DECIDIDA POLA INCINERACIÓN, A PESAR DE QUE EN EUROPA ESTÁ PROHIBIDO EMPREGAR ESTE FUEL COMO COMBUSTÍBEL. BUSCAR ALTERNATIVAS É UN RETO PARA A COMUNIDADE CIENTÍFICA, E A ADMINISTRACIÓN DEBERÍA PROMOVER E FINANCIAR A SUA PARTICIPACIÓN.



As balsas con residuos de fuel teñen que estar completamente impermeabilizadas e situarse a mais de 2000 m. das vivendas mais próximas

Se o fuel alcanza a capa freática, desde as balsas e lugares de almacenamento, contaminará as augas subterráneas con hidrocarburos e metais pesados afectando posteriormente a fontes pozos e ríos. Tamén hai riscos de afeccións ao ar: para facilitar o bombeo nas operacións de extracción do fuel das balsas ás veces inxéctase vapor de auga para quecelo, o que produce unha gran evaporación de substancias orgánicas volátiles. Por isto, as balsas teñen que estar a 2000 m das vivendas mais próximas.

Pero é a incineración do fuel o tratameto que presenta os maiores riscos ambientais. Polo altísimo contido en cloro fórmanse dioxinas que son potentes tóxicos, canceríxenos, disruptores endócrinos, acumúlanse no leite materno... Ademais, o alto contido en xofre do fuel provoca unha importante emisión de SO₂, causando problemas respiratorios e choiva ácida. A empresa PMA en Lendo-Laracha engade arxila ó fuel que ven con area para posteriormente queimalo nos fornos como se fosen ladrillos: a emisión de SO₂, hidrocarburos poliaromáticos e incluso dioxinas está garantida.

Lúis Díaz

ADEGA CONTINUA IMPULSANDO O VOLUNTARIADO

A MEDIADOS DE ABRIL ERAN MAIS DE 12.000 AS XORNADAS DE TRABALLO VOLUNTARIO COORDINADAS POR ADEGA NO LITORAL GALEGO, PRINCIPALMENTE NOS CONCELLOS DA COSTA DA MORTE, A ZONA MAIS AFECTADA POLA SUCEASIVAS MARÉS NEGRAS. AGORA, CANDO O VOLUNTARIADO DECAE, A ASOCIACIÓN FAI UNHA NOVA CHAMADA Á SOLIDARIEDADE ECOLÓXICA.

Os grupos de voluntarios/as, dunhas 50 persoas, saían en autobús á primeira hora da mañá de diferentes localidades. A finais de xaneiro saíran un total de 149 autobuses distribuídos da seguinte forma: 88 autobuses saíron de Compostela, 18 de Lugo, 17 de A Coruña, 13 de Ourense, 5 doutras localidades galegas e 26 chegados de fora de Galiza. O número de grupos variaba desde 2-3 durante a semana até os 5-8 grupos na fin de semana, pero comezou a decaer apreciablemente a partir de xaneiro, e mostrou un repunte apreciable na semana santa.

En abril, ADEGA iniciou unha campaña de promoción do voluntariado, ao considerarear mui positivo e necesario o traballo que ven facendo, e sobre todo ao constatar que segue chegando fuel á costa, que en moitos luga-

res aínda non se retirou ou fuel chegando ao comezo, e que detrás da aparencia limpa das praias agochan-se capas de fuel soterradas na area. Ademais da limpeza, o voluntariado tamén pode contribuir á restauración do medio afectado e, sobre todo, a exixir que a Administración non esqueza esta obriga coas comunidades afectadas, con Galiza e coa humanidade, e poña os medios para a restauración, no posíbel, dos hábitats afectados.

ADEGA necesita voluntarios e voluntarias para a recuperación do litoral

Chama ao 680 42 08 07

¡O traballo aínda non rematou!

MÚSICA

BÁGOAS NEGRAS

Bágoas negras é o nome dun CD no que participan 19 músicos (Milladoiro, Mercedes Peón, Susana Seivane, Na Lúa...), cuxos beneficios van destinados a ADEGA para a recolla do fuel do Prestige. Está á venda nas tendas de discos. Por outro lado, o 14 de febreiro tivo lugar en Vimianzo o concerto "Namorados da Costa da Morte", organizado coa colaboración de ADEGA e coa finalidade de recoñecer a loita do voluntariado contra a catástrofe do Prestige.



BREVES

AGRICULTURA

A OFICINA EUROPEA DO AMBIENTE (OEA), federación ecoloxista da que forma parte ADEGA, critica a proposta para a reforma da Política Agraria Común (PAC) da UE apresentada pola Comisión a finais de xaneiro, que considera unha versión debilitada da primeira proposta presentada en xullo de 2002. Para a OEA, é unha proposta decepcionante, especialmente tendo en conta que a primeira proposta contiña novas ideas positivas para unhas políticas agrarias na UE máis respectuosas co ambiente e coa calidade de vida. Máis información en <http://www.eeb.org>

OS ORGANISMOS MODIFICADOS XENÉTICAMENTE (OMX)

veñen de ser obxecto dunha nova lei (Lei 9/2003 de 25 de abril; BOE do 26-04-03) que adapta á normativa estatal as novas directivas europeas 98/81/CE e 2001/18/CE. A lei aprobouse pola maioría do PP coa crítica do movemento ecoloxista e da oposición parlamentaria. O principio de precaución non foi debidamente recollido nesta nova lei, que ademais non incluíu as cláusulas relativas aos procedementos de avaliación de riscos e á independencia dos comités encargados das autorizacións e do seguimento dos OMX. Despois de autorizar cinco novas variedades de millo Bt transxénico, en contra da normativa comunitaria, o Estado español sitúa-se a cabeza no uso comercial de OMX e das normativas máis permisivas.

ECOBREVES

OS CORRESPONDENTES DE ADEGA son sócios/as ou simpatizantes de ADEGA que se comprometen a desenvolver algunhas tarefas mínimas e sinxelas de divulgación de ADEGA e así ampliar a incidencia do noso labor. Anímate a ser correspondente?. Coñeces a alguén que poida selo?. En <http://www.adegagaliza.org> tes máis información sobre o que implica ser correspondente de ADEGA.

REDE XUSTA. Para promover mellor o comercio xusto en Galiza, as tendas de comercio xusto do noso país agruparon-se na Rede Galega de Tendas de Comercio Xusto. Máis información na web: <http://www.redexusta.es.vg>

A CORUÑA: A AXENDA 21 "TAMÉN A FAS TI"

RECOLLENDO ESTE LEMA EXPLÍCITO PERO NON PRATICADO DO CONCELLO DE A CORUÑA, ADEGA INICIA UNHA CAMPAÑA POLA PARTICIPACIÓN CIDADÁ NESTA CIDADE

O Concello de A Coruña está mostrando un total desinterese pola participación cidadá, desvirtuando por completo o proceso en marcha da Axenda 21 Local que, por definición, debería ser un exercicio de democracia participativa co obxectivo do desenvolvemento sustentable. A Carta de Aalborg, asinada polo Concello, obriga a velar porque tódolos cidadáns poidan participar nos procesos de toma de decisións.

Desde ADEGA-Coruña lanzamos a "Campaña pola participación cidadá" con dous obxectivos. O primeiro, esixir do Concello que rectifique a súa actitude actual de oscurantismo e abra a Axenda 21 Local a todos e todas nós. Como primeiro

paso cara a participación cidadá, invitamos ó pleno a aprobar a creación dun consello amplo, plural e representativo da cidadanía para formar parte activa de tódalas fases do proceso de Axenda 21. Este consello, creado en moitas outras cidades que tamén teñen comezados procesos de Axenda 21 estaría formado por representantes de distintos colectivos sociais (universitarios, ecoloxistas, asociacións xuvenís, culturais, de veciños, etc...). O segundo, dar a coñecer ó concepto de Axenda 21 Local á cidadanía coruñesa e, sobre todo, ós seus colectivos e asociacións.

Máis información en www.adegagaliza.org/corunha

ADEGA-OURENSE: PARTICIPACIÓN ACTIVA NA PLATAFORMA "NUNCA MÁIS"

En marzo e abril, ADEGA-Ourense organizou diversas charlas sobre o Prestige, participou no "Día dos enganados" organizado por Burla Negra e promoveu o Campo de traballo en Carnota. Colaborou na organización dos intercambios entre o centro de ensino "Guillherme Brown" de Ourense co Instituto de Carnota, e do Instituto de Castro Caldelas co Instituto de Ponteceso. No Día da Terra realizouse unha escultura con material de refugallo, que se integrou dentro da chegada da Volta a Galicia Nunca Máis.

Noutros eidos destaca o maratón de Cine "O Bosque no Cine", realizado na Casa da Xuventude con películas como "O Bosque Animado" e "Tasio" e charlas nas que se abordou a relación entre o bosque e a cultura popu-

lar e a economía tradicional. Asimesmo, un cen escolares participaron nunha plantación en Toén, con solta de aves proporcionadas polo centro de Recuperación de Fauna Salvaxe. A celebración do Día da Árbore fixo-se en colaboración coa Escola de Danza da Deputación de Ourense. ADEGA pasou a formar parte da Xunta Rectora da Casa da Xuventude, con voz e voto na programación de actividades.

Para o "Maio Xoven" preven-se obradoiros de xogos populares, curso de xogos en educación ambiental, curso de busca de información ambiental en internet, roteiro reivindicativo a Toén, obradoiro de ornitoxía, ciclo de cine ambiental, naturalización da Casa da Xuventude, concurso de fotografía, etc.

EROSKI DESTRUIRÁ A CARBALLEIRA DE ALBEIROS

ADEGA-Lugo considera un erro é que se pretenda o desenrolo dunha parte da cidade -o barrio de Albeiros- a cambio de perder un dos seus valores naturais máis destacados, a carballeira popularmente coñecida como a Selva. Trátase dunha das últimas zonas verdes nesta parte da cidade, separándoa do polígono industrial do Ceao.

O avance do PXOU consideraba esta carballeira como un espazo a protexer para converterse en zona verde. O actual grupo de goberno, cando estaba na oposición, manifestábase en contra dun centro comercial ou do recinto feiral nas beiras do río Miño por consider que afectaba a unha zona verde de desfrute xeral. Hoxe, no



goberno, deberían esforzarse en buscar a través do diálogo novas solucións para as áreas comerciais sen destruír as zonas verdes. ADEGA considera que esta carballeira é a ubicación idónea para as zonas verdes que necesitan bairros como o da Avenida das Fontiñas ou o da Piringalla, ademais do propio Albeiros. O comercio ou a industria deberían ser compatibles co medio ambiente e coa calidade de vida das persoas, evitando que as cidades se deshumanicen ao se alonxaren do "natural".

INAUGURADA A PLANTA DE RECICLAXE E COMPOSTAXE DO BARBANZA

DESPOIS DE SEIS ANOS DE PROXECTO E CONSTRUCCIÓN, E DE NUMEROSOS ATRANCOS, PODEMOS CELEBRAR A CONSOLIDACIÓN DO CHAMADO "COMPLEXO MEDIOAMBIENTAL" DO BARBANZA, UNHA INSTALACIÓN PENSADA PARA A XESTIÓN ECOLÓXICA DO LIXO. CONTA CUN PONTO LIMPO, DUAS LIÑAS DE TRATAMENTO DOS RESÍDUOS INORGÁNICOS E ORGÁNICOS, E CUN VERTEDOIRO DE APOIO PARA OS RESÍDUOS NON APROVEITÁBEIS. AS INSTALACIÓNS AXUSTAN-SE EN XERAL AO PROXECTO INICAL DO QUE XA INFORMAMOS NESTAS PÁXINAS (VEXA-SE O SUPLEMENTO DO NÚMERO 24/25 DE CERNA) E REUNE OS PRINCIPAIS CRITÉRIOS DEMANDADOS POLO ECOLOXISMO, AO TEMPO QUE RESOLVE ALGUNHAS DAS DEFICIÊNCIAS APARECIDAS NA PLANTA DE NOSTIÁN.

A inauguración tivo lugar o pasado 5 de abril, contando coa presenza dos alcaldes de Porto do Son, Noia, Lousame, Muros e Brión, aos que dá servizo, así como de Nestor Rego, concelleiro do ambiente en Santiago de Compostela que aposta pola integración da capital galega neste proxecto ecolóxico.

Entre as instalacións temos unha liña de separación de materiais inertes reciclábeis na que unha dúcia de persoas traballarán na clasificación manual, seguida dunha recuperación mecánica automati-

zada de metais férricos e non férricos. Os resíduos orgánicos do lixo, así como os lodos de depuración destinarán-se aos compostuñeles onde sufrirán unha primeira fermentación que se completará nas naves de maduración. Unha sección de afino posterior permitirá presentar o compost para o seu uso comercial.

Agora, o que falta é que funcione a recollida selectiva, para o que será clave o esforzo que as autoridades locais e a mancomunidade fagan na información e concienciación da cidadanía.

DOCUMENTACIÓN

"Global express" é unha ferramenta de Intermón-Oxfam para traballar temas e acontecementos de dimensión global nas aulas. Consta dunha proposta didáctica, con orientacións para o profesorado e información de contexto sobre o tema. Unha das edicións é "Johannesburgo: Salvemos a Terra... ou non". Está dispoñíbel na seguinte web nas catro linguas do Estado español: http://www.intermonoxfam.org/html/act_a_ul_glo_joh.html

Fórum Social Mundial (FSM). A web do FSM está a recoller aos poucos o textos de conferencias, testemuñas, seminarios,... da 3ª edición do Fórum celebrada en Porto Alegre (Rio Grande do Sul, Brasil) en xaneiro de 2003. <http://www.forumsocialmundial.org.br>

Cumio de Johannesburgo 2002. O Taller de Educación Ambiental do ICE-USC editou o dossier "Salvemos o planeta", sobre o Cumio de Johannesburgo. O dossier ofrece unha visión panorámica da conferencia através dos escritos dalguns autores e organizacións e dunha escolma de noticias publicadas en xornais españois. Contacto:

ICE. Praza de Mazarelos, 1-4º. 15703 Santiago. E-mail: icesec@usc.es

Estratexia para a Conservación e o Uso Sostíbel da Biodiversidade. Adoptada recentemente pola Consellería de Meio Ambiente, pode-se baixar desde a súa web (<http://www.xunta.es/conselle/cma/index.htm>).


Augas turbulentas. O Parlamento Europeo publicou recentemente un bonito comic titulado "Augas turbulentas". Con moitas referencias á Directiva Marco da Auga (a auga non é un produto comercial como calquera outro...), a protagonista, Irina Vega, loita a favor das augas puras e enfronta-se cunha compañía química que descarga efluentes tóxicos no medio. O Consello das Industrias Químicas Europeas (CEFIC) non gostou nada desta publicación, polo que denunciou ao presidente do Parlamento. Cox rexeitou a denuncia dicindo que o comic é ficción, aínda que reflicte correctamente os comportamentos. Pedidos: Oficina para Publicacións Oficiais das Comunidades Europeas en Luxembourg.

A X E N D A

ROTEIRO pola Serra do Xistral-Fervenza da Ferida - Estaca de Bares. 24 e 25 de maio, organizado por ADEGA-Lugo. Información e inscricións nos teléfonos 982 240 299 (ADEGA-Lugo) e 639 664 924 (Montse).

O CONCELLO DE CAMARIÑAS inaugurou un foro na súa páxina web dedicado aos miles de voluntarios e voluntarias que traballaron na limpeza do fuel. O foro pretende ser un punto de encontro entre todos eles para compartir experiencias, informacións e opinións sobre a limpeza das nosas costas, a maré negra e todo o que poda interesar ao voluntariado. O enderezo de dito foro é o seguinte: <http://www.camarinas.net/foro/>. Asimesmo, o concello abrirá unha galería fotográfica sobre o voluntariado na que se incluírán as fotos que todas as persoas interesadas remitan por correo electrónico a voluntariado@camarinas.net, informando do nome e orixe do grupo, datas da estadia, enderezo e contactos. As fotos non deben de ser maiores de 200 pixels de longo nen pesar mais de 70 K.

MARCHA MALPICA-SAN ADRIAN O domingo 8 de xuño, como celebración do día mundial do Meio Ambiente, as organizacións ecoloxistas galegas convocan esta marcha que sairá ás 12 h. do porto de Malpica. Co apoio de Nunca Mais, o ecoloxismo pretende que a sociedade galega non esqueza que o *prestige* continua afundido con fuel e a costa fortemente contaminada.



Restaurante
VEGETARIANO

CABALIÑO DO DEMO

rúa aller ulloa, 7
(xunto á porta do camiño)

NOVAS OPORTUNIDADES DE SUSTENTABILIDADE PARA A INDÚSTRIA

NOVA NORMATIVA SOBRE QUÍMICOS
EN EUROPA


Manuel Soto Castiñeira*

A COMISIÓN EUROPEA PROPUXO RECENTEMENTE UN NOVO SISTEMA PARA A REGULACIÓN DA PRODUCCIÓN, IMPORTACIÓN E USO DE PRODUTOS QUÍMICOS, QUE AFECTA TANTO AOS PRODUTOS EXISTENTES COMO AOS NOVOS, POLO QUE DEBERÁN SER REXISTADOS E AVALIADOS NOS SEUS DIFERENTES RISCOS PARA A SAUDE E O AMBIENTE. AS SUBSTÁNCIAS QUÍMICAS DE MAIOR RISCO NECESITARIAN SER AUTORIZADAS ANTES DE CALQUERA USO, PARA O QUE SE PROPÓN RECOÑECER A RESPONSABILIDADE DA INDÚSTRIA EN PROVEER DATOS SOBRE O COMPORTAMENTO DAS SUBSTÁNCIAS. NESTE ARTIGO RESUMIMOS ALGÚNS ASPECTOS DO ACTUAL DEBATE SOBRE O TEMA E DAMOS CONTA DE TRES CUESTIÓNS PARTICULARES RELACIONADAS COS CONTAMINANTES QUÍMICOS: A ELIMINACIÓN DE PCBs, O ABANDONO DO MERCÚRIO, A NOVA NORMATIVA SOBRE DETERXENTES.

A Oficina Europea do Ambiente (OEA), da que forma parte ADEGA, e o Fondo Mundial para a Protección da Natureza WWF.

A OEA e o WWF consideran que esta nova normativa permitiría a posta en práctica do principio de precaución dunha forma harmónica, simple, transparente e predicíbel. Denuncian a actitude das Corporacións da industria química europea, escudadas en que a nova normativa danará a competitividade das factorías europeas incrementando os custos e reducindo o negocio. Pola contra, a OEMA e o WWF salientan os efectos positivos dunha normativa que teña en conta os principios de prevención e precaución sobre a innovación e a competitividade, entre eles, a aparición de novos mercados para produtos máis seguros e ecolóxicos, a redución dos riscos por responsabilidades futuras (por exemplo, os custos que ao final tivo e está a ter o emprego dos abestos nos fibrocementos e noutros materiais), a maior confianza dos consumidores e clientes, e a maior transparencia e predicibilidade da nova normativa, o que facilitará as relacións entre ós diferentes elos da cadea industrial.

Indican que aqueles produtos de maior risco deben deixar lugar a outros máis ecolóxicos. Admiten que a protección da natureza e da saúde require perdedores concretos no eido da industria, pero que a economía global sairá gañando. Engaden que a normativa proposta non di que produtos se deben producir e cales non, polo que non se pode tachar de ríxida, senon que o que fai é fixar estándares harmonizados para todo tipo de substancias. Por último, subliñan que a



O peche de Elnosa e o traslado de Ence ven sendo solicitado polo ecoloxismo desde hai décadas. No 2002, o ecoloxismo gañou a denuncia contra estas industrias por delito ecolóxico, polos vertidos a ría e á atmósfera

adopción dunha normativa máis estricta como a proposta non provocará o desprazamento das industrias a outras áreas do mundo, como ameazan os representantes do sector a modo de chantaxe, xa que a industria química europea require unha man de obra altamente cualificada que non existe noutras zonas; pola contra, a harmonización ambiental da produción e uso de químicos nunha área cun mercado de 550 millóns de consumidores permitiría-lle á industria europea no seu conxun-

to gañar competitividade no mercado global.

Os seguintes exemplos son mostra da caótica normativa actual sobre contaminantes químicos, da súa sectorialización e falta de unificación, e tamén da súa escasa operatividade. Por outra banda, mostran como os sectores industriais pretenden impor os seus intereses por riba do dereito a un ambiente saudábel, ao que pouco contribuen as administracións española e galega.

1 O informe, de 30 páxinas, en inglés, pode-se obter en <http://www.eeb.org/activities/chemicals/main.htm> ou <http://www.eeb.org/activities/chemicals/Newchemicalspolicy-industry-29-01-03.pdf>

A XUNTA INCLUMPRE A NORMATIVA DE PCBs

Segundo o Departamento Confederal de Medio Ambiente de CC.OO. Galiza non entregou a información relativa aos inventarios e planos de eliminación de policlorobifenilos (PCBs) (prazo máximo do 1-03-01, segundo o Real Decreto 1378/1999). Os PCBs son produtos extramadamente tóxicos, con efectos cancerixenos e danos sobre os sistemas inmunolóxicos, reprodutor, neurolóxico e sobre o fígado; comportan-se asimesmo como disruptores endocrinos, afectando ao mecanismo de funcionamento de diferentes hormonas. A UE, que xa prohibira a fabricación e uso dos PCBs en 1976, tamén decidiu descontaminar os aparatos que conteñan PCBs antes do ano 2011, dentro do convenio PARCOM e do Convenio de Estocolmo (vexa-se Cerna 33).

A pesar da súa nocividade, os PCBs tiveron numerosos usos industriais e comerciais, como aceites illantes de transformadores e condensadores, plasti-

ficantes e fluidos hidráulicos. O Ministerio de MA estimou que en 2001 existían no Estado unhas 210.000 t de PCBs e aparellos contaminados con PCBs, principalmente en instalacións industriais, eléctricas, ferroviarias, mineiras, militares, hospitais, residencias, escolas, oficinas, comercios, talleres mecánicos, e vertedeiros e plantas de xestión de residuos. As entidades titulares destas instalacións teñen a obriga de informar á administración sobre estes residuos ou aparellos contaminados.

A INDÚSTRIA DO MERCÚRIO TEN OS ANOS CONTADOS

A lexislación europea obriga ao desmantelamento das fábricas de cloro que empregan mercurio no proceso, como é o caso de ELNOSA en Pontevedra, antes do ano 2007; esta normativa afecta a un total de 47 instalacións en Europa, as cales teñen capacidade para emitir entre 12.000 e 15.000 toneladas deste metal ao longo dos cinco anos que fican para o seu desmantelamento.

Dacordo coa opinión ecoloxista e cunha comunicación da Comisión Europea, este mercurio debería ser recuperado e almacenado en condicións de seguridade en lugar de comercializalo, xa que o seu uso crea un risco grave para as persoas e a natureza. Sen embargo, a Asociación da industria do cloro Eurochlor ven de chegar a un acordo coa española

Minas de Almaden para introducir este mercurio no mercado, polo que antes ou despois entrará no ambiente e finalmente na nosa cadea alimentaría.

O ecoloxismo reclama asimesmo o abandono da produción de cloro, o que debe pasar polo abandono do PVC e dos disolventes clorados, que constitúen os destinos principais do cloro producido.

DETERXENTES: ERRADICAR OS FOSFATOS

ADEGA apoiou as reivindicacións e propostas da Oficina Europea do Ambiente (OEA) sobre a revisión da normativa europea de deterxentes que foi votada no Parlamento europeo o pasado mes de marzo, e sumou-se á denuncia pública contra a compañía Unilever pola súa oposición ás medidas preventivas de maior eficacia. No lugar de facer efectivo o principio de que quen contamina paga, as propostas de Unilever, ineficaces e focadas na depuración, trasladarían os custos das medidas de protección ambiental aos cidadáns e administracións locais.

A eutrofización é unha ameaza clara en Galiza, especialmente para o futuro das rías e a súa capacidade productiva, e tamén está afectando a maioría dos encoros. A depuración de augas residuais non resolve este problema, xa que os tratamentos aplicados ou proxectados non inclúen a carísima depuración avanzada (de tipo terciario) para a eliminación de nitróxeno e fósforo. Galiza só conta cunha masa de auga declarada como zona sensible, a Ría de Pontevedra, pero tanto nesta como no resto das rías, non se está a cumprir a Directiva de depuración de augas que exige un tratamento secundario, por outra banda insuficiente para prevenir a eutrofización. Pola contra, a erradicación dos fosfatos nos deterxentes é unha medida preventiva de redución en orixen que mostra unha eficiencia non discutida e moi inferiores custos de aplicación.

Os ambientalistas europeos, coordinados na OEMA, consideran cuestións chave a inmediata prohibición dos fosfatos, a mellora dos criterios sobre a biodegradabilidade e a ecotoxicidade, e unha información completa nos envases sobre a composición dos deterxentes.

* Manuel Soto Castiñeira, ex-presidente de ADEGA é Profesor Titular de Enxeñaría Química na Universidade da Coruña.




RESÍDUOS. A Directiva de residuos de envases (94/62/EEC) está a ser revisada polas institucións europeas. A Oficina Europea do Ambiente criticou que as emendas feitas polo Parlamento europeo non contribúan a mellorar a xestión destes residuos e reclamou que se revise a promoción da valorización enerxética (incineración), xa que non constitúe unha alternativa ambientalmente defendible, e que se adianten os prazos para acadar os obxectivos de reciclaxe ao 31-12-06 en vez do 31-12-07.

RESÍDUOS DE APARATOS ELÉCTRICOS. Aprobada o 27-01-03, a directiva 2002/96/CE sobre Resíduos de aparatos eléctricos e electrónicos pretende a redución en orixen, a reutilización, o reciclado e a valorización destes residuos. Afecta a toda a cadea de produción, distribución, consumo e xestión dos residuos de electrodomésticos grandes e pequenos, equipos de informática e telecomunicacións, pequenos aparatos electrónicos e de alumado, ferramentas eléctricas, xoguete, equipamento médico, de vixilancia e control, máquinas expendedoras, etc. Fican excluídos os grandes equipamen-

tos ou ferramentas fixos en instalacións industriais ou de servizos. Na mesma data aprobouse a directiva 2002/95/CE sobre Restriccións da utilización de determinadas substancias perigosas en aparatos eléctricos e electrónicos. Esta última exige que a partir do 1-07-06 estes aparellos non conteñan chumbo, mercurio, cádmio, cromo hexavalente, polibromobifenilos ou polibromodifenilos. Os estados teñen de prazo até o 13-08-04 para traspolar ao regulamento interno.

ECOLOXISTAS PORTUGUESES apoian o plano de xestión de residuos perigosos. A Asociación Quercus calificou de positivas as liñas xerais do plano presentado polo Goberno portugués para a xestión dos residuos industriais perigosos, ao tempo que solicitou do Goberno o bon senso para non continuar con novas liñas de incineración de lixo. O plano recolle practicamente todas as suxestións presentadas pola Quercus ao Ministerio do Ambiente, relativas á política de redución en orixen, reciclaxe, e tratamento selectivo por tipo de resíduo, procurando reducir os residuos a enviar a vertedoiro ou a incinerar.



Os que amades
o mar védeo
no vento,
ergueito,
alzado na súa
mesma fermosura,
navegando
na propia
liberdade.
Eis o seu triunfo.

Antón Avilés de
Taramancos

As torres no ar



Día das letras 2003




CONCELLO DE
PONTEVEDRA

O PATRIMÓNIO XEOLÓXICO (II)

ESTRATÉXIAS PARA A XESTIÓN E CONSERVACIÓN DA XEODIVERSIDADE E DOS XEORRECURSOS CULTURAI

*Fins Eirexas**

CONTINUAMOS COA SEGUNDA PARTE DUN ARTIGO QUE INICIAMOS NO NÚMERO 36 DE CERNA, DESTINADO Á DIVULGAR A NECESIDADE DE POLÍTICAS DE PROTECCIÓN, CONSERVACIÓN E XESTIÓN DO PATRIMÓNIO XEOLÓXICO. NA PRIMEIRA PARTE REPASABAN-SE OS CONCEITOS DE PATRIMÓNIO XEOLÓXICO, XEODIVERSIDADE, XEORECURSO CULTURAL E XEOCONSERVACIÓN, CONSIDERADOS HOMÓLOGOS AOS DE PATRIMÓNIO BIOLÓXICO, BIODIVERSIDADE, BIORECURSOS CULTURAI, E BIOCONSERVACIÓN, PERO NON INCLUIDOS NESTES, PARA CONTINUAR CUNHA BREVE REFERENCIA Á SITUACIÓN LEGAL E AO CENÁRIO GALEGO. NESTA SEGUNDA PARTE, O AUTOR SUBLIÑA O PAPEL QUE DEBEN CUMPRIR UNHA FUTURA ESTRATÉXIA GALEGA PARA A CONSERVACIÓN DA XEODIVERSIDADE E O URXENTE INVENTARIO DE XEORRECURSOS CULTURAI NESAS POLÍTICAS DE XESTIÓN E CONSERVACIÓN, NO CONTEXTO DA SITUACIÓN ESTATAL E DAS INICIATIVAS E TENDÉNCIAS EUROPEAS OU INTERNACIONAIS.



INVENTARIOS: A SITUACIÓN EN ESPAÑA

No ámbito estatal, o Instituto Tecnolóxico Xeomineiro de España (ITGE), iniciou en 1978 o Inventario Nacional de Pontos de Interese Xeolóxico (PIXs), paralizado en 1988 por falla de orzamento. Cubreu case un 20% do territorio estatal (Galiza, Cordilleira Cantábrica, Rexión Valenciana e Menorca), con 234 PIXs seleccionados sobre un total de 889 inventariados¹.

Nunha segunda etapa, dende 1989, o ITGE veu abordando unha identificación de puntos de especial significado xeolóxico na elaboración das Follas aínda pendentes de publicación do Mapa Xeolóxico Nacional de España 1/50.000 (MAGNA). Este incompleto inventario pretende ser a base dun Catálogo Estatal de Lugares de Interese Xeolóxico.

Dende algunhas Comunidades Autónomas, crítica-se a nula intervención destas na aportación de criterios á metodoloxía utilizada, o excesivo rigor cientifista do inventario, e a duvidosa competencia deste organismo estatal (ITGE), dependente do Ministerio de Meio Ambiente, para asumir competencias transferidas ás Comunidades Autónomas en materia de planificación e xestión ambiental.

No ámbito autonómico, diferentes institucións teñen elaborado inventarios deste tipo, con variadas orientacións, criterios, obxectivos, e metodoloxías: Concello de Madrid (1982-1984), Diputación Provincial de València (1983), Diputación Foral de Guipúscoa (1985-1990), Diputación Foral de Biscaia (1990), Axencia Rexional para o Meio Ambiente e a Natureza da Comunidade Autónoma de Murcia (1992), etc.

Sociedades de carácter científico como a Comisión de Patrimonio Xeolóxico da Sociedade Xeolóxica de España (SGE), a Sociedade Española de Xeoloxía Ambiental e Ordenación do Territorio (SEGAOT), Universidades, outras institucións científicas e mesmo fundacións (ENRESA) promoveron a realización e/ou publicación de inventarios ou catálogos sobre patrimonio xeolóxico nos ámbitos local, provincial e mesmo autonómico.

POR UNHA ESTRATEXIA GALEGA PARA A CONSERVACIÓN DA XEODIVERSIDADE

A xeodiversidade e patrimonio xeolóxico teñen un incalculábel valor para a ciencia xeolóxica, que no caso galego poden proporcionar asemade un impresionante abano de xeorre-


curso culturais inseridos nunha estratexia de desenvolvemento sostíbel do territorio. Nembargantes, até o momento as cativas políticas de posta en valor dos espazos que integran a rede galega de espazos protexidos, teñen sido orientadas case exclusivamente cara a utilización do patrimonio biolóxico, etnográfico e antropológico. Porén, os xeorrecurso culturais non teñen sido nen tan sequera considerados, polo xeral, como un activo natural e cultural de igual importancia na oferta educativa e de desenvolvemento sócio-económico destas áreas, mála a súa riqueza e valor.

Para pór remedio a este esquecemento cómpre unha clara vontade política por parte da administración para pór en marcha unha estratexia de xestión dos xeorrecurso integrada coas demais políticas conservacionistas e incardinada transversalmente na xestión territorial, que debería basearse en dúas iniciativas: a Estratexia e o Inventario.

O CONXUNTO DE ACCIÓNS CONCRETAS QUE A XUNTA DEBE DESENVOLVER PARA A CONSERVACIÓN DO PATRIMÓNIO XEOLÓXICO DEBEN SER RECOLLIDAS NUNHA ESTRATÉXIA QUE ACTUE COMO ELEMENTO DE REFERENCIA E CONTEXTUALIZADOR

Ha de elaborar-se unha Estratexia Galega para a Conservación da Xeodiversidade, consistente nun documento marco que, ao igual que o seu homónimo biolóxico, sente as bases e defina os criterios para unha verdadeira política de conservación, neste caso da xeodiversidade galega. Esta estratexia debería vertebrar todo o conxunto de accións concretas que a Xunta debería desenvolver neste eido, actuando como elemento de referencia e contextualizador destas.

O Inventario de Xeorrecurso Culturais ha de incluír unha diagnose e valoración da



xeodiversidade galega. Non se trataría dun simple relatório de puntos e áreas de interese xeolóxico (PIXs) no senso dos até o de agora realizados polo IGME, ou dun inventario do patrimonio xeolóxico en sentido estrito, senon que debería abranger o concepto de xeorrecurso cultural. Amáis da identificación, caracterización e tipificación dos elementos obxecto do inventario, debería-se valorar cada un deles atendendo separadamente a tres conceptos: o seu valor científico, o seu valor didáctico, e o seu valor como recurso turístico, tendo en conta que un elemento de alto valor científico pode non ter nengún como recurso turístico, ou viceversa.

**O INVENTARIO DEBE VALORAR
CADA RECURSO ATENDENDO
SEPARADAMENTE A TRES CON-
CEPTOS: O SEU VALOR CIENTÍ-
FICO, O SEU VALOR DIDÁCTICO,
E O SEU VALOR TURÍSTICO**

A partires do inventario valorado debería-se facer un diagnóstico preciso que sirva de orientación para artellar programas e propostas concretas nos seguintes eidos de actuación:

- Estabelecer os mecanismos precisos para a protección legal efectiva do Patrimonio Xeolóxico Galego mediante a coordinación das reglamentacións en materia ambiental, urbanística e territorial.
- Revisar os niveis de protección establecidos para o Patrimonio Xeolóxico presente na Rede Galega de Espazos Protexidos (RGEP). Debería-se aproveitar para isto a revisión tralo período de vixencia dos Planos de Ordenación dos Recursos Naturais (PORNs) e Planos Reitores de Uso e Xestión (PRUXs) destes espazos.
- Completar sen complexos o catálogo de Monumentos Naturais con aqueles elementos patrimoniais de valor xeolóxico excluídos na actualidade do territorio da RGEP.
- Habilitar liñas funcionais de coordinación co Estado e cos organismos internacionais responsábeis de desenvolver os proxectos Geosites e Geoparks (ver cadro).
- Desenvolver instrumentos eficaces que possibiliten a incorporación dos xeorrecursos nas estratexias de desenvolvemento sustentábel do territorio galego. A redacción e aprobación dos primeiros Planos de Desenvolvemento Sustentábel dos

Parques Naturais proporcionaría unha magnífica oportunidade para isto.

- Incorporar o espírito da xeoconservación nos programas escolares e de educación ambiental ao mesmo nivel que o da bioconservación.
- Dar pulo á compoñente xeolóxica na formación e a capacitación no campo profesional da interpretación ambiental.

(vai continuar)

BIBLIOGRAFÍA

GARCÍA CORTES, A. e cols. (2000): "Inventario e catalogación del Patrimonio Geológico español. Revisión histórica y propuestas de futuro". *Patrimonio Geológico: Conservación y Gestión*. D. Baretino, W.A. P. Wimbledon e E. Galego (eds) pp 51 - 71. Madrid (España), 2000.

WIMBLENDON, e cols. (2000): Proxecto Geosites, unha iniciativa da Unión Internacional das Ciencias Xeolóxicas (IUGS). A ciencia apoiada pola Conservación. *Patrimonio Xeolóxico: Conservación e Xestión*. D. Baretino, W.A. P.

Wimbledon e E. Galego (eds) pp 73 - 100. Madrid (España), 2000.

UNESCO (1999): Unesco Geoparks Programme. *Proc 156th Session of UNESCO Executive Board*, 156 Ex/11, Paris, France, 11 March, 1999, 4 pp.

GREEN, M.J.B. & PAINE, J. (1997): State of the world's protected areas at the end of the Twentieth Century. *Proceedings, IUCN/WCPA Symposium on Protected Areas in the 21st Century: from islands to networks*. Albany, Australia, November 1997, IUCN, Gland, Switzerland and Cambridge, O.U.K., 35 pp.

Declaración Internacional de Digne (1991). *En Actes du Premier Symposium International sur la Protection du Patrimoine* (Digne, France, 1991). *Memoires de la Societé de Geologie de France. Nouvelle Serie* nº 1165, 276 pp. Paris, 1993.

VILLALOBOS, M. e cols. (2001): "Patrimonio Geológico y Georrecursos Culturales". *Tierra y Tecnologia*, nº 23, pp 15 - 23. Revista do Colexio Oficial de Xeólogos de España.

* Fins Eirexas e Xeólogo e vocal de enerxía da Xunta Directiva de ADEGA

INICIATIVAS EUROPEAS

No eido europeo, o movemento científico xeoconservacionista, notabelmente mais demorado que o bioconservacionista, cobra cada vez mais forza, liderado pola Asociación Europea para a Conservación do Patrimonio Xeolóxico (ProXEO), baixo os auspicios da IUGS e da UNESCO, que promoven dúas das iniciativas mais importantes a escala planetaria: os proxectos *Geosites* e *Geoparks*. Estas iniciativas supoñen de feito unha liña de avance esencial para o xeoconservacionismo, non só polo que significan en si mesmas, se non porque fará inevitábel trasladar o debate da xeoconservación dende os até agora herméticos ámbitos científicos aos administrativos, estatais primeiro e autonómicos despois.

A International Union of Geological Sciences (IUGS) criou o Global Geosites Working Group (GGWG) para desenvolver o proxecto Geosites, iniciado en 1996. Geosites pretende realizar un catálogo internacional de Sítios de Interese Xeolóxico de interese científico e didáctico para a ciencia xeolóxica a escala planetaria. Corresponde aos distintos países identificar, seleccionar e proferir tais Sítios ao GGWG. Aínda non están suficientemente claros os mecanismos xurídicos que se articularán para a protección destes Sítios, aínda que unha das súas finalidades será o de proferir candidatos ao Centro para o Patrimonio Mundial da UNESCO para a súa inclusión no catálogo de elementos do Convenio para a Protección do Patrimonio Mundial Cultural e Natural². A IUCN - UNESCO apoia decididamente o proxecto Geosites, consciente, probabelmente, da desmesurada desproporción existente entre os elementos culturais declarados e os naturais, evidentemente desfavorábel a estes últimos.

A propia UNESCO, a través da Unión Internacional para a Conservación da Natureza (IUCN) é a impulsora da segunda grande iniciativa relacionada coa protección do patrimonio xeolóxico a escala mundial: o proxecto Geoparks³. O proxecto Geoparks pretende identificar unha serie de "parques xeolóxicos globais" de especial significación para o desenvolvemento de fins científicas, educativas e socioeconómicas. Poderían definir-se como as "Reservas da Xeosfera", pretendendo complementar, de feito, a xa existente Rede de Reservas da Biosfera do programa MaB da UNESCO (Home e Biosfera).

Tamén

DEPENDE DE TI



*Plan de tratamento
de residuos sólidos
urbanos de A Coruña*



Na natureza os residuos son aproveitados nun ciclo permanente de produción e reciclado.

Imitar á natureza para acadar que as novas xeracións disfruten dun planeta e unha cidade en equilibrio ecolóxico tamén depende de ti. Para iso necesitamos a túa colaboración: separa o lixo na túa casa e deposítalo nos contedores correspondentes.

Coa a túa axuda, na Coruña, daremos un novo valor a todo o que che sobra.




**Ayuntamiento de La Coruña
Concello de A Coruña**

 **Albada**
Babcock Kommunal - Tecmed UTE

A MAREA NEGRA DAS CANTEIRAS DE TOÉN

David Fernández Calviño e Manuel Fernández Cruz

A HISTORIA QUE VOS IMOS CONTAR, AÍNDA QUE ESCANDALOSA, NON É DE CIENCIA FICCIÓN SENÓN QUE ACONTECE NO SÉCULO XXI, NIN NUN LUGAR RECÓNDITO POIS É NUN CONCELLO LÍMITROFE CO DE OURENSE, TOÉN, Ó LADO MISMIÑO DUN DOS ESPACIOS MÁIS TRANSITADOS DE GALIZA, POLA AUTOVÍA A-52, ENTRE A CIDADE E O VIADUCTO DE BARBANTES, ONDE PODES SEGUIR CARA VIGO OU BEN TORCER Á DEREITA PARA IR A PONTEVEDRA.



Alberte Sánchez

ran as comportas", como cada vez que chove, para disimular. El asegurou que iso non o podían facer máis, que era un escándalo, que xa se encargaría el, ante a sonrisa de incredulidade da veciña.

NO MEDIO, UNHA VIÑA, COMO UN PEQUENO ILLOTE, REPRESENTA A REBELDÍA DUN PAISANO QUE NON QUIXO RENDÉRSE E RESISTIU ÁS OFERTAS DA TODOPODEROSA EMPRESA (SEICA DE POLÍTICOS DE DEREITA)

E qué razón tiña ela. Din que van de cando en vez e cargan varios camións de area que arrastra o regato e deposita na marxe do Miño no medio da aldea de Freixendo. Resulta increíble, pero aínda hoxe poderedes apreciar os restos da continua desfeita no maior río galego. E xa poderedes imaxinarvos como están os regatos todos. Dalgúns xa se encargaron de que non aparezan nos planos do PXOM, pois igual xa lles daban problemas.

Pois ben, destas catro canteiras, dúas teñen licenzia municipal dende fai pouco, malia que unha delas leva máis de corenta anos en funcionamento. A terceira non conta cos permisos oportunos e a cuarta nin sae nos mapas de ordenación municipal que elaborou o concello.

Todo isto forma parte da vida diaria da aldea de Mugares, coas molestias que acarrea, pois veñen de denunciar os veciños que unha serra de pedra non os deixa durmir ningunha noite dos sete días da semana. Din que a serra é ilegal e non respecta a normativa de ruidos. Son tamén continuas as queixas polo tráfico pesado, os barrenos, as fendeduras nas casas, o pó... Pero estas queixas soamente se comentan polo baixo, porque se teme ás represalias. A nós mesmos non está custando bastante isto. Os veciños teñen medo de ter moi boa relación con nós, sobre todo cando a xente do alcalde está cerca. A quen tén erguido a voz ténlle ido moi mal. O concello tamén mira cara outro lado.

Aí mesmo, xusto antes de cruzar a ponte, pódese ver como ós dous lados tén traballado impunemente a empresa COPASA extraendo áridos das mesmas marxes do río ante a indiferente mirada de miles de persoas. Pódese apreciar no medio unha viña como un pequeno illote que representa a rebeldía dun paisano que non quixo renderse e resistiu ás ofertas da todopoderosa empresa (seica de políticos de dereita). Eso sí, a empresa e as autoridades esgrimen unha e outra vez que conta coa licenzia municipal e os correspondentes informes.

UN DESASTRE EN MUGARES

Se vés de Vigo soamente tés que erguela mirada á fronte para ver como no medio da fraga máis grande das proximidades de Ourense, poboada por unha impresionante vexetación autóctona, catro canteiras de granito rodean á aldea de Mugares. Tamén poderás apreciar como destacan os vertedoiros de escombros xerados polas mesmas. Contan os veciños que unha vez un transeunte que pasaba pola estrada, parou en Freixendo para preguntar qué era o que atoldaba a metade do caudal do miño. Unha muller dalí respostoulle que nas canteiras "abri-

Pero o pobo non puido aguantar máis cando recibiu a ameaza da quinta canteira, que unha empresa pretendeu abrir por enriba do pobo, a pouco mais de cen metros das casas. As súas mobilizacións foron soadas, falábase do "Prestige de Mugares", pola marea negra que ocasionaría sobre a aldea. Finalmente puido a presión veciñal, e o concello, que ata entón non estivera de parte dos seus cidadáns, tivo que recuar rematando por mercar cos cartos públicos os terreos a alto prezo, para que os empresarios non perderan todo na súa operación especuladora. Salientar que os terreos foran mercados por un veciño politicamente afín ó alcalde, que actuaba como testafiero para que os demais non desconfiaran. Tamén decir que un dos empresarios que pretendía abril a estivo solicitando o voto para o actual alcalde, casa por casa, durante a campaña electoral de fai catro anos.

O POBO CANDO RECIBIU A AMEAZA DA QUINTA CANTEIRA: AS SÚAS MOBILIZACIÓNS FORON SOADAS, FALÁBASE DO "QUEN LOITA PODE TRIUNFAR OU NON, QUEN NON LOITA XA PERDE DE ANTEMÁN", DIXÉRONNOS

Parece que esta victoria lles deu folgo á xente para seguir loitando na defensa do seu benestar. Unha asociación é a que abandeira o movemento dos veciños que non se someten. Esta asociación tén recibido sistemáticamente a negativa de axudas cada vez que solicita subvencións perante o concello, gobernado polo xa fai anos inhabilitado alcalde do Partido Popular, José Puga Suárez. Sen embargo

os veciños tiveron que sufragar por sí mesmos o custo da representación xurídica e demais. Fai uns días dixéronnos: "quen loita pode triunfar ou non, quen non loita xa perde de antemán". Ánimo.

OUTRO ESCÁNDALO EN PUGA

A parroquia de Puga pertence á Denominación de Orixe do Ribeiro, o que fai que os seus veciños teñan no cultivo do viño un bo complemento na súa renda. Por ela discorre un pequeno regato que é o que lle da vida ó lugar. Dende hai uns anos esta vida vese ameazada, xa que na beira do río instalouse de xeito totalmente ilegal unha canteira de extracción de áridos. Ademais os veciños ven ameazadas as súas pequenas explotacións. Isto provocou que dende o primeiro momento a oposición veciñal fose moi importante. Sen embargo as autoridades competentes permiten que continúe traballando, e incluso chegan a saltarse a legalidade para favorecerla.

En todo este proceso os veciños chegaron a se desesperar ó ver que os seus dereitos non eran respectados. A continuación citaremos algunhas das accións que a administración pública ten tomado no caso.

Confederación Hidrográfica do Norte: A lei de augas di que a 100 metros do río non se poden levar a cabo actividades extractivas. Pois ben, a zona onde está situada a canteira está dentro dos 100 metros, é moi rica paisaxisticamente (existen zonas de grande desnivel que provocan a existencia de fervenzas, algunhas das cales xa foron destruídas) e a confederación so pon multas irrisorias (300 euros). Isto é o mesmo que lle pon a un paisano cando corta unha árbore sen permiso. Consideran o mesmo delicto a

corta dunha árbore que cortar 100, tapar o regato con pedras e terra, cargarse o dominio público... ¡¡así funciona o país!!

Concello: a empresa carece de licenza municipal, e a pesar de lle ter pedido ó alcalde a paralización en numerosas ocasións, este prevarica deliberadamente para favorecer os intereses desta gran empresa (COPASA). Coma sempre os alcaldes defenden os seus amigos pasando por riba do benestar dos veciños dos pobos. Ademais o alcalde despediu de xeito improcedente a un traballador do concello que se opuña á canteira.

Consellería de Medio Ambiente: Outra cacicada digna de mención é que os terreos onde traballa a empresa pertencen a un Monte Veciñal en Man Común onde hai 5 anos se fixo unha repoboación con fondos europeos. E agora a Consellería de Medio Ambiente deu permiso para destruíla cando está na obriga de mantela durante un mínimo de 20 anos. ¿Así gastamos os fondos europeos?. Ademais os veciños non deron permiso para a ocupación dos terreos, polo tanto vense indefensos ante este atropelo.

En todos estes procesos a desculpa política foi a mesma: postos de traballo que se xeran, as obras hai que facelas con material e este hai que sacalo dalgún sitio, non debemos opoñernos ó progreso, etc. Pero nós sabemos que hai outros xeitos de xerar riqueza, sen mercadear cos postos de traballo utilizando ós traballadores como escravos sumisos, sen destruír o noso presente nin o noso futuro, pero tén que haber vontade de atopar novas alternativas. Mentres facémonos dúas preguntas: ¿ata cando se serán que soportar estes abusos?, ¿teremos algunha vez unha administración que realmente coide do interese xeral?.



Terra da Ulla
cooperativa

VIVEIRO FORESTAL *
REPOBOACIÓNS E LIMPEZA DE MONTES *
DESEÑO E MANTEMENTO DE XARDÍNS *

Lugar de Galegos, 28
Sta. Cruz de Rivadulla
15880 VEDRA

☎ 661.704.620


☎ 661.704.621

terraquilla@mixmail.com

Lume e ferro



faberna
Campo da Feira - CARRAL



A CASA DA MOURA

rua da barreira 9 a coruña

O MONTE DE SAN PEDRO: OUTRO PARAÍSO PERDIDO NA CORUÑA

Mercedes Pérez



O Monte de San Pedro é un lugar de enorme interese tanto pola súa paisaxe como pola fauna que alí se conserva, e podemos observar

VALORES NATURAIS DO MONTE DE VISMA

Os valores ecolóxicos do Monte de Visma foron totalmente ignorados polos redactores do proxecto de ampliación do paseo. O estudo de efectos ambientais, encargado de diagnosticar a situación ambiental da zona e de avaliar os impactos da obra para minimizalos, adoece de importantes defectos de forma e fondo. Non identifica ningún aspecto natural de interese digno de protección, e tampouco sinala ningún impacto importante derivado da construción do paseo. Este silencio revela a falta de sensibilidade ambiental, de rigor profesional e os verdadeiros intereses particulares que moven unha obra destas características (pura especulación urbanística).

O Monte de San Pedro conta cunha gran variedade de flora propia do litoral atlántico, gran parte do lugar está cuberto de mato atlántico, ecosistema endémico protexido pola Directiva Hábitats (D. 92/43 CEE). Conta tamén con numerosas especies de aves, algunhas consideradas de "interese especial" (RD 439/1990) como é o caso do corvo mariño cristado, do corvo mariño grande,... Ademais hai que destacar que é unha zona importante de paso de aves migratorias que encontran no monte e nas illas de San Pedro un destacado refuxio natural. Son tamén de

"interese especial" algunhas das especies de réptiles e anfibios que podemos encontrar na zona, é o caso do lagarto das silvas, o sapinho pinto, o tritón ibérico,...

Á parte destes valores naturais de tipo biolóxico, o Monte de San Pedro conta cun importante e conservado patrimonio xeolóxico (cantís, furnas, fallas,... e incluso unha praia e duna fósil da era cuaternaria); constitúe ademais un enclave dun valor paisaxístico singular: unha vez que nos adentramos nel a desconexión coa cidade é total, a única referencia ao lonxe é a Torre de Hércules; as vistas son igualmente maravillosas, ó este as Sisargas, ó frente as Illas de San Pedro e máis alá a inmensidade do océano.

A AMPLIACIÓN DO PASEO E A PROPOSTA ECOLOXISTA

A obra de ampliación do paseo marítimo da Coruña enmárcase no mal denominado Plan de rexeneración ecolóxica e medioambiental de Monte de San Pedro e Cortigueiro, xa iniciado co selado do vertedoiro de Bens e o Parque de San Pedro.

As previsións iniciais do proxecto fixan un presuposto máximo para a obra de 7.270.000 euros e un prazo de execución de 18 meses. O novo tramo terá unha lonxitude de 2330 metros, que sumados ó tramo xa existente, permitirán superar os 9 quilómetros de paseo

NA FIN DO MAR DO ORZÁN, AO NOROESTE DO CASCO DA CIDADE DA CORUÑA, LEVÁNTASE COMO UN TITÁN VIXIANTE O MONTE DE SAN PEDRO. ESTE ANACO DE COSTA VIRXE ENTRE SAN ROQUE E O PORTIÑO É O DERRADEIRO ESPACIO NATURAL QUE LLE QUEDÁ Á CIDADE TOTALMENTE LIBRE DA MAN DO HOME; LAMENTABLEMENTE O FUROR INMOBILIARIO E A CONTROVERTIDA FORMA QUE TEN O SER HUMANO DE ADAPTARSE AO MEDIO FARÁN DA SÚA LADEIRA UN ESPACIO PAVIMENTADO PARA "DISFRUTAR" DENDE O AUTOMÓBIL. AS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PASEO MARÍTIMO DA CORUÑA, QUE XA COMEZARON NO MES DE MARZO, SUPONERÁN O DESMONTE DE GRAN PARTE DA LADEIRA DO ACANTILADO COA INEVITABLE DESAPARICIÓN E DANO IRREPARABLE PARA IMPORTANTES ESPECIES DE FLORA E FAUNA PROPIAS DESTA ZONA DO NOSO LITORAL.

marítimo. Este reto faraónico de lonxitude parece ser o único reclamo que se pretende vender cunha obra que desfigurará a ladeira natural da única paisaxe selvaxe que se conserva na cidade.

O trazado do paseo discurrirá a poucos metros da liña de costa e contará cunha senda para peóns, un carril bici e dous vias destinados ao tráfico rodado. Igualmente prevese a construción de dúas glorietas (unha na zona da canteira e outra no portiño) e dous aparcadoiros, un deles na cabeza dunha xoia xeolóxica como é a duna fósil.

A forte pendente da zona, o abrupto terreo e a fecunda erosión do mar plasmada na profundidade das numerosas furnas que hai no lugar, fan que sexa un enclave moi pouco idóneo para un paseo destas características. De feito, o derrubamento dunha furna nas inmediacións do Centro Reto acontecida no mes de Xaneiro, pon en dúbida a estabilidade da zona para albergar a obra. Esta preocupación fixo modificar parte do trazado no momento da execución do paseo, gran parte do traxecto orixinario subirase uns metros para evitar a afectación da erosión mariña. Tamén se modificará o trazado para non afectar á praia fósil.

A pesares dos cambios enunciados, as asociacións ecoloxistas Adegas, Hábitat, FEG, SGEA e a SGHN mostrámonos

contrarias a un paseo marítimo que permita o acceso do tráfico pola zona. A proposta ecoloxista consiste nun paseo máis acorde coas condicións do espacio natural a ocupar; unha senda peatonal de baixo impacto un pouco máis ancha có camiño actual, con pasarelas de madeira, unha aula da natureza e un observatorio de aves. Tamén propoñemos a declaración do Monte de San Pedro como un "espacio natural de interese local".

ACTUACIÓNS ECOLOXISTAS

Co fin de dar a coñecer a calidade deste enclave natural algunhas organizacións ecoloxistas da Coruña, entre elas Adegas e Hábitat, iniciaron varios roteiros guiados pola zona ós que se invitou a toda a cidadanía e ás autoridades municipais. A asistencia masiva de visitantes animounos a continuar cos roteiros tódolos domingos ata que a contundente realidade das paliadoras nos impediron o paso. Tamén se organizou unha mesa redonda o día 24 de Marzo para falar dos valores ambientais do Monte de Visma na que participaron representantes das asociacións ecoloxistas e destacados profesores da Universidade da Coruña.



O reto faraónico dun paseo que superará os 9 quilómetros é o reclamo dunha obra que desfigurará a derradeira paisaxe salvaxe da cidade

O último acto de protesta tivo lugar o Martes 15 de Abril coa entrega no Concello de máis de mil sinaturas de veciños e veciñas da Coruña solicitando a paralización das obras do actual proxecto de ampliación do paseo marítimo.

Ademais destes actos, os colectivos Adegas e Hábitat mantiveron reunións informais coas autoridades responsables da obra e coa empresa redactora do proxecto para trasladarlles a nosa decepción por permitir un paseo con acceso ao tráfico e para que tivesen en conta determinados valores

naturais que, a pesares da obra, deben protexerse con especial atención.

Todas estas actuacións lamentablemente chegan tarde, pois na actualidade as obras de desmonte xa comezaron e as voaduras prevense para moi pronto, co que o dano provocado será xa irreversible. De novo, a imprudencia humana impedirá ás xeracións futuras contemplar o prodixioso traballo da nai natureza.

Máis información:

www.adegagaliza.org/corunha



Aquagest

"Calidade da auga e do medio ambiente"



Traballamos día a día en Galicia, dende fai máis de 25 anos, cos mellores recursos humanos e tecnoloxía punta para dispor de auga boa e suficiente, aproveitándoa ó máximo e devolvendoa á natureza limpa e útil

A XESTIÓN DAS AUGAS É O NOSO LABOR



PLATAFORMA CIDADÁ

¡NUNCA MÁIS!

EMERXENDO A DIGNIDADE DUN PAÍS

Rafa Villar*

A catástrofe ecolóxica orixinada polo afundimento do buque petroleiro 'Prestige' – cargado con 77 Tm de fuel declaradas– xerou na sociedade galega unha resposta social de amplísimas repercusións. Esta resposta social tiña, e está a ter, como grandes obxectivos: a demanda de solucións a esta catástrofe (que, sendo ecolóxica, é evidente que ten importantes compoñentes de tipo económico, social, humano e mesmo sanitario) e a esixencia de responsabilidades aos Gobernos central e autonómico (e ao partido que os sustenta, o PP).

Como impulsora desta resposta social, e recollendo o sentir da maioría social do pobo galego, naceu a Plataforma cidadá 'Nunca Máis', que se creou formalmente o día 21 de novembro, é dicir, a penas dous días despois do afundimento do petroleiro. Inicialmente, a Plataforma agrupaba a preto de 60 colectivos e organizacións dos máis diversos ámbitos sociais: ecoloxistas, sindicais, organizacións políticas, estudantis, confrarías, xentes da cultura... Pasados case seis meses da traxedia (evitábel se o Goberno non se instalase na súa desidia e incompetencia), o número de colectivos achégase a 400, co que se amplía aínda máis na súa diversidade, alén de estar constituída como tal Plataforma cidadá en máis de 20 comarcas da xeografía galega.

No manifesto fundacional que deu a coñecer 'Nunca Máis', ao tempo que con-

O OBXECTIVO DE NUNCA MÁIS É "CANALIZAR AS DEMANDAS DA CIDADANÍA GALEGA PARA A PRONTA REPARACIÓN DOS DANOS CAUSADOS POLO BUQUE", ENTENDENDO QUE O CONXUNTO DO POBO GALEGO SE VIU ATINXIDO POLA CATÁSTROFE

O 'NUNCA MÁIS' INSTALOUSE NA CONSCIENCIA DA MAIORÍA DOS GALEGOS E GALEGAS, COA VIRTUDE DUNHA NOVA CONSCIENCIA ECOLÓXICA NO NOSO PAÍS


vocaba a primeira gran mobilización nacional para o día 1 de decembro, sinalábase que a Plataforma pretendía "canalizar as xustas demandas da cidadanía galega para a pronta reparación dos danos causados polo buque". E, entre outras, plasmábanse esixencias como: a declaración de Galiza como zona catastrófica, coa inmediata dotación de recursos que isto implica; a posta en marcha de mecanismos de prevención para evitar que a catástrofe fose a máis, así como a limpeza e restauración ambiental do litoral; e a adopción dunha serie de medidas de prevención deste tipo de desastres. Ademais disto,

apuntábase que, dadas as responsabilidades habidas, se reclamaba a dimisión das autoridades que, coa súa ineficacia, agravaran as consecuencias do accidente.

O amplo seguimento das mobilizacións propostas por 'Nunca Máis' e a propia activación dunha consciencia cidadá, como clamor de dignidade, están a demostrar o impacto que o desastre do 'Prestige' causou nos galegos e galegas. Case por vez primeira na historia, o conxunto do pobo galego se viu atinxido pola catástrofe, entendendo que era algo que nos competía a todos e non só aos homes e mulleres de mar. Así tamén, foi moita a xente que se brindou, e se segue a brindar, a dar o seu esforzo solidario en labores de limpeza do chapapatote en areais e rochedos.

Dalgún xeito, o 'Nunca Máis' está a exceder –como non podía ser menos– os límites da plataforma cidadá, aínda sendo esta ampla, e acabouse por instalar na consciencia da maioría dos galegos e galegas. E isto, entre outras virtualidades, posúe unha esencial: a da implementación dunha nova consciencia ecolóxica no noso país, o que posibilitará en Galiza unha cidadanía máis responsábel respecto do medio e a necesidade de o preservar para as vindeiras xeracións.

Rafa Villar é membro da Plataforma contra a Burla Negra e portavoz de 'Nunca Máis' en Santiago



O Secretario Xeral de ADEGA, Alberte Sánchez, na cabeceira da manifestación de Madrid



Cabeceira de saída da manifestación de 'Nunca Máis' celebrada en Madrid, día en que Madrid fala galego

Masís

Masís

OS DANOS 'COLATERAIS' DA RETIRADA DO FUEL NA FUTURA REDE NATURA 2000 NO LITORAL GALEGO

Xabier Vázquez Pumarino e Martiño Nercellas Méndez*

O Prestige segue a verter fuel, que chega as nosas costas

Unha grande parte da costa galega está incluída en diferentes LICs (Lugares de Interese Comunitario) que conformarán a futura Rede Natura 2000, rede de espazos naturais protexidos a nivel europeo que, en teoría, deberán contar cun alto grado de protección compatibilizándoo con aqueles usos e actividades que non poñan en risco os valores destes espazos.

O vertido polo Prestige chegou de cheo a moitos deles, nalgúns casos de xeito masivo, provocando un severo impacto ambiental, de tal xeito que a recuperación de moitos hábitats que integran os LICs durará moitos anos e, probablemente, se dean casos de contaminación crónica durante un longo período.

Así mesmo, está claro que canto máis fuel se retire do litoral menor será a contaminación e polo tanto o impacto e o tempo de recuperación serán menores. Agora ben, isto non quere dicir, nin moito menos, que haxa que retirar o fuel sen ter en conta ningunha outra consideración e dende logo, non se debe confundir a 'limpeza' do litoral ou a retirada do fuel con operacións de cosmética ambiental, con máis relación coa propaganda que coa conservación do medio natural, ou unha forma de facer caixa por parte das constructoras.

Así, ao longo destes meses de experiencia en tarefas de limpeza do fuel, temos observado todo tipo de impactos ambientais levados a acabo no litoral e, particularmente, en espazos candidatos a formar parte da Rede Natura 2000 que en moitos casos, de

non poñerlles remedio, van a ter un impacto sobre o medio de maior persistencia que a propia marea negra. A continuación centrámonos nalgúns destes impactos, como son:

a construción e contaminación de pistas, a alteración de dunas, a deterioración de marismas, a destrución da vexetación, e a limpeza incorrecta de rochas (cadro 1).

Cadro 1. LICs do litoral galego propostos para a rede Natura 2000 e impactos ambientais nos mesmos

LICs propostos	Chegada de fuel*	Impactos ambientais colaterais**				
		Pistas	Dunas	Marismas	Vexetación	Rochas
Baixo Miño	1					
A Ramallosa.	1					
Illas Estelas	1 ?					
Illas Cíes	3					
Costa da Vela	1-2					
Cabo Udra	1-2					
Complexo Illa de Ons-O Grove	3					
Complexo húmido de Corrubedo	2					
Monte e Lagoa de Louro	2					
Carnota-Monte Pindo	3					
Costa de Morte	3					
Costa de Dexo	1					
Costa Ártabra.	1-2					
Estaca de Bares	1					
Ría de Foz-Masma	0					
As Catedrais	0					
Río Eo	0					

* Categorias de chegada do fuel:

- 0 Nada, non se aprecia
- 1 Leve, manchas dispersas
- 2 Moderada, cantidades significativas de fuel
- 3 Máxima, chegada masiva de fuel

** Categorias de impactos colaterais:

- Construción e contaminación de pistas
- Alteración de dunas
- Deterioración de marismas
- Destrucción da vexetación
- Limpeza incorrecta de rochas

Fonte: Elaboración propia



Marismas de Boca do Río, (Carnota). A introdución sistemática de maquinaria pesada dana gravemente moitos ecosistemas

PISTAS

O Ministerio de Medio Ambiente encargoulle tanto á empresa pública TRAGSA como a unha serie de grandes empresas constructoras de ámbito estatal, relacionadas co contorno da cúpula do PP, as tarefas de retirada do fuel. Que se coñeza, estas empresas constructoras non teñen experiencia ningunha en tarefas de conservación do medio natural, descontaminación ou loita contra mareas negras e, nen moito menos, sensibilidade ambiental algunha, antes ben todo o contrario. Este conxunto de empresas dedícouse a abrir pistas por doquier ao longo da costa sen ter a máis mínima consideración sobre os seus valores, obviando previos estu-

dios de recoñecemento e impacto ambiental, os estudos de impacto ou efectos ambientais (incluíndo algún tipo de plan de minimización de impactos), estudos de alternativas, etc. e dende logo sen valorar a idoneidade de emprender tales actuacións, por moito que algunhas foron necesarias. Estas pistas foron trazadas en lugares practicamente inaccesíbeis que se verán afectados por un grave impacto paisaxístico, destrución directa de hábitats (moitos deles prioritarios na Directiva de Hábitats), eliminación de flora, etc; a medio e longo prazo, erosión e modificación da escorrentía superficial debida ás drenaxes que conleva serias alteracións. O seu deseño e rematado amosa a pouca intención que hai

de restauralas. A facilidade de acceso para o público en xeral incrementa o risco de aparición de incendios forestais, lixo, construcións ilegais, etc. igualmente o furtivismo e o contrabando verase favorecido por tan densa rede viaria.

Podemos observar bos exemplos no Concello de Carnota, Fisterra, Muxía, etc. incluso con algúns casos de asfaltado das vías.

En ocasións, estas pistas atópanse cubertas dunha capa de fuel provocando unha contaminación secundaria difusa, posto que por elas foron transportadas inxentes cantidades de fuel sen ter en conta ningún tipo de protocolo ao respecto, como aconteceu na Costa da Cabra en Carnota.

A solución deste problema é complexa posto que a apertura de pistas, inda que sexan inútiles, goza de boa fama entre a poboación rural e as corporacións locais. Compre emprender labores de restauración do hábitat serias e decididas.

DESTRUCCIÓN DE DUNAS

O litoral galego conta con moitos e heteroxéneos exemplos de sistemas dunares litórais, moi valiosos ecoloxicamente e que conteñen especies raras ou en perigo de extinción, particularmente especies botánicas; estes hábitats son prioritarios segundo a Directiva de Hábitats. Practicamente todos os sistemas dunares do litoral atlántico galego víronse seriamente danados pola chegada da marea negra e polas labores de retirada do

SITUACIÓN ACTUAL

O fuel segue estando presente de xeito masivo no litoral galego, ben sexa pola chegada de fuel novo practicamente a calquera punto do litoral en forma de pequenas 'galletas', ben sexa porque a maior parte do litoral continua afectado polo antigo fuel; a este respecto, a costa rochosa – o 65% do total- ten afectada a área supralitoral, e menos frecuentemente a intermareal, de xeito importante, existindo amplos tramos, especialmente, na Costa da Morte completamente manchados.

Polo que respecta ás praias, moitas delas teñen un bo aspecto superficial, inda que agachan inxentes cantidades de chapapote tanto en placas enterradas como en forma de pequenas bolas na parte alta ou nas canles de tormenta, no caso das dunas.

Inda que cesara agora a chegada de fuel, queda aínda moitísimo traballo por realizar en canto á recollida do mesmo, probablemente, temos para meses.

Os operativos de limpeza teñen a orde de rematar os traballos de limpeza o 31 de maio obrigándoo a acelerar as tarefas e, nestes momentos, con ordes directas de realizar un labor superficial.

ADEGA



Boca da lagoa de Louro: algunhas solucións adoptadas teñen un forte impacto aínda que poden ser reversíveis

fuel, particularmente pola introducción indiscriminada de maquinaria pesada e o pisoteo de centos de traballadores e voluntarios.

Casos moi graves estanse a dar, por exemplo, nas dunas de Corrubedo (dentro do Parque Natural do mesmo nome) que se viron alteradas co gallo de tratar de pechar a entrada de fuel na lagoa e posteriores actuacións.

Dunas do concello de Carnota víronse igualmente alteradas polo paso de maquinaria pesada, non só na gran barreira da praia senón en dunas de menor entidade como as existentes na punta dos Remedios, onde están as xa tristemente famosas praias de Ardeleiro e Simprón.

As dunas remontantes da praia de Arnela (Fisterra) víronse fortemente alteradas pola apertura dunha pista e a extracción de area e vexetación. Nestes momentos estase a desmoronar, pois a vexetación do fronte da duna encargada de fixar ésta foi practicamente eliminada na súa totalidade, deixándoa baixo os efectos erosivos e de arrastre do vento, as mareas, e as precipitacións.

A praia e dunas de O Rostro (Fisterra) igualmente sofren alteracións por pisoteo, introducción de maquinaria pesada, etc. Estívoe a punto de facer unha pista ao longo dos dous kilómetros de duna, e que no último momento se conseguiu evitar.

A alteración destes ecosistemas podería ser facilmente evitábel de proceder á delimitación de accesos e zonas sensíbeis, e no caso de facer novos accesos estes nunca deberían de ser polo centro da duna e perpendiculars a zona de exposición dos ventos predominantes.

Compre sinalar que en moitas das praias mencionadas hai grandes cantidades de fuel enterrado en capas baixo a area; a introducción da maquinaria rompe as placas de fuel e enterraas diferentes a profundidades dificultando a posterior extracción.

Hai que sinalar que existe unha especie de ave, a pillara das dunas (*Charadrius alexandrinus*) que nidifica case exclusivamente ben entre as dunas ben na cabeceira das praias, e se atopa nunha situación delicada, estimándose a súa poboación na provincia de A Coruña en 68-92 parellas entre os anos 1992/95 (segundo un informe do grupo Hábitat); é máis que probábel un gran fracaso reproductivo desta especie na presente tempada, pois tódalas súas áreas presentes na provincia están a sufrir unha forte presión derivada dos traballos de retirada de fuel a

NON SE DEBE CONFUNDIR A LIMPEZA OU A RETIRADA DO FUEL E RESTAURACIÓN DO LITORAL CON OPERACIÓNS DE COSMÉTICA AMBIENTAL MAIS PROPIAS DA PROPAGANDA OU COS MODOS DE FACEREN CAIXA AS CONSTRUCTORAS



A hidrolimpeza incumpe sistemáticamente os protocolos oficiais

parte da contaminación ocasionada pola ampla dispersión do chapapote.

ALTERACIÓN DE MARISMAS

Ao igual que ocorre cos sistemas dunares, no litoral galego atopamos moitas marismas de diferente entidade pero cunha gran importancia por ser hábitats pouco frecuentes, moi productivos e que habitualmente acollen especies de grande interese debido a súa rareza. Igualmente as marismas son hábitats prioritarios segundo a lexislación.

A chegada de fuel a estas áreas é grave posto que son sistemas onde a sedimentación

MOITAS PRAIAS TEÑEN UN BO ASPECTO SUPERFICIAL, PERO AGACHAN INXENTES CANTIDADES DE CHAPAPOTE EN PLACAS ENTERRADAS OU NA FORMA DE PEQUENAS BOLAS

é moi importante e polo tanto a retirada natural do fuel por parte do mar vai a ser inexistente ou ben moi baixa. En moitas ocasións o fuel quedou prendido na vexetación existente, xeralmente xuncos (*Juncus sp.*).

Os protocolos sinalan que esta vexetación debe ser cortada e retirada de xeito manual, sen danar as raíces, e delicadamente extraer o fuel existente, evitando o pisoteo da zona para non afundir o fuel no sedimento. Pois ben, en marismas coma a de Carnota, o protocolo non só non se cumpriu (corta da vexetación con desbrozadora, pisoteo, etc.) senón que se chegou a meter maquinaria pesada para recoller balas de palla colocadas previamente cun fin incerto, afundindo o fuel.

Na lagoa de Louro destruíuse vexetación das marxes para o almacenamento de lixo en medios que so poden ser retirados con maquinaria. Agardamos que a retirada non se faga nestes momentos, nun período moi

ADEGA

fráxil para a cría de numerosas especies. Unha situación similar vívese nas marismas de Ponteceso.

Nas marismas do Parque Natural de Corrubedo chegouse a eliminar capas de turba confundidas con fuel, ao igual que o acontecido en varios puntos das Illas Cíes, sendo un bo exemplo da ignorancia/incapacidade coa que se acometen as tarefas de eliminación do fuel.

As pequenas, pero ben conservadas, marismas de Seiruga no concello de Malpica estanse a ver alteradas igualmente pola entrada de maquinaria pesada así como por un tratamento da vexetación absurdo: os operarios retiran a vexetación con paletas de albanelería e deixan o lugar igualmente inzado de fuel.

DESTRUCCIÓN DE VEXETACIÓN

Ademais da destrucción de vexetación que indirectamente se está a producir en todo momento pola alteración dos hábitats, hai que ter en conta que o fuel chegou a área supralitoral, a zona de 'salpicaduras'; zonas que conteñen importantes mostras de vexetación adaptada a vivir nestes duros ambientes. Algunhas destas plantas son moi coñecidas como a herba namoreira (*Armeria spp.*). Primeiramente antes de calquera actuación á realizar nestes espazos protexidos, persoal debidamente cualificado debería deseñar un plan de acción e unha cartografía das zonas con valores botánicos máis sensíbeis, preparando e controlando os operarios responsábeis da limpeza nestas cuestións, as cales non teñen por que coñecer. O deseño desta planificación podía ser inmediata, de existir a vontade de realizala por parte da administración.

O problema é que a falta desta planificación está a provocar sistematicamente que a vexetación sexa arrincada de raíz, o que provoca erosión e unha grave perda de riqueza local. Por outra banda, existen plantas en perigo de extinción que viven nestes medios e que son sistematicamente eliminadas, como *Rumex rupestris* declarada pola 'Lista

Roja de la Flora Vasculare Española' como 'en perigo crítico' e presente no Anexo II da Directiva de Hábitats; as únicas poboacións presentes, nas Dunas de Arnela, O Rostro, Nemiña, praia de Pedroso na enseada de Trece, e Illas Sisargas, sofren danos severos ou críticos.

Outra especie coma a *Chamaecybe peplis* declarada pola 'Lista Roja de la Flora Vasculare Española' coma especie con datos insuficientes, en forte recesión en toda a costa Atlántica, e moi escasas poboacións no litoral galego, sufriu un impacto crítico e tal vez irreversible nas dunas de Arnela, moti-

COMO EXEMPLO DA IGNORANCIA E INCAPACIDADE, NO PARQUE NATURAL DE CORRUBEDO E NAS ILLAS CÍES ELIMÍANSE CAPAS DE TURBA CONFUNDIDAS CON FUEL

vado por uns traballos de limpeza altamente destructivos.

No Parque Nacional das Illas Atlánticas mencionar, a modo de exemplo, coma se utilizou coma heliporto a zona de protección balada onde se atopa a camariña (*Corema album*).

Descoñécese o estado no que se poden atopar outras especies como *Omphalodes littoralis* subsp *gallecica*, endemismo da provincia de A Coruña, en zonas coma Xuño (Ribeira) ou Baldaio, ou a especie catalogada coma "en perigo" *Linaria arenaria*, nas dunas de Melide (Illa de Ons), con poboacións en zonas por onde transitou maquinaria pesada e afectadas polo pisoteo.

LIMPEZA DE ROCHAS

Estanse a limpar sistematicamente as rochas de moitos puntos da costa con máquinas hidrolimpadoras. Para empregarlas temos que asegurarnos de que non estamos a facer maior dano do xa existente ou que o que se faga vai ser máis conveniente que a limpeza 'natural' que se dará co paso do tempo.

Así, hai un protocolo no que se sinalan unha serie de cuestións como é a necesidade de empregar unha presión da auga baixa, auga do mar a temperatura ambiente, a distancia e a inclinación do chorro, o emprego de 'mantas'absorbentes, etc. que non se están a cumprir: pola contra, observamos o emprego de auga doce -que coma anécdota está a ocasionar unha peregrinaxe continua de cisternas a manantiais próximos- a temperaturas elevadas e altísimas presións, malas prácticas en canto ao emprego das mantas absorbentes, etc. Finalmente, o que se obtén son superficies de rocha impolutas pero tan desprovistas de vida que tardarán moitos máis anos en recuperarse que se se deixara facer o traballo ao tempo e aos elementos.

Nalgunhas ocasións, os operarios chegan a tratar de arrancar co chorro os liques, primeiros poboadores da banda supralitoral. Estas tarefas desenvólvense ao longo de toda a costa galega e son executadas xeralmente polas empresas constructoras contratadas polo Ministerio de Medio Ambiente, máis preocupado, polo visto, por cuestións de orde cosmético de cara a galería e ao turismo que por unha verdadeira recuperación ambiental.

Resulta inadmisíbel o trato que se está a dar nas praias de coídos. Estes hábitats son particularmente delicados e, no caso de os coídos estaren fixados, conteñen unhas interesantes comunidades de liques. O fuel que a eles chega percola e queda fixado no conxunto. Os coídos están a ser tratados en todo momento por métodos moi agresivos: limpeza con auga a presión, introducción de maquinaria pesada para limpar as pedras *ex situ* ou ben arroxalas ao mar, etc. Casos particularmente graves déronse nas praias de Salomba, no concello de Carnota, Talón en Fisterra ou na enseada do Trece en Camariñas: os coídos existentes foron cubertos ben de area ben de refugallo co único fin de ocultalos ante unha simple inspección ocular. Noutros casos como na praia de Moreira (Muxía), onde estimamos que pode haber uns 20.000 coios nuns 500 m de praia, estes estanse a pasar por máquinas limpadoras.

INFORMES DE ADEGA

ADEGA está a desenvolver unha serie de informes sobre a situación ambiental do litoral dos Concellos afectados en relación coa marea negra do Prestige e as labores de limpeza. Igualmente, conteñen indicacións precisas sobre como acometer as tarefas de extracción do fuel e como tratar determinados hábitats. Estes informes son enviados tanto aos Concellos como ás autoridades competentes para informar e orientar sobre os procedementos de limpeza máis axeitados.

Poden ser consultados na web de ADEGA: www.adegagaliza.org

*Xabier Vázquez Pumariño e Martiño Nercellas Méndez son biólogos de ADEGA e da FEG, respectivamente

O COLEXIO OFICIAL DE BIÓLOGOS RECLAMA A SUPERVISIÓN POR EXPERTOS DAS ACTUACIÓNS NO LITORAL

O Colexio Oficial de Biólogos de Galicia considera imprescindible a presenza na dirección de todo tipo de actuacións en espazos naturais protexidos e en toda a franxa litoral, tanto en labores de limpeza como de restauración ou "mellora", de profesionais con coñecementos específicos acerca da ecoloxía dos ecosistemas e dos seus valores naturais, co obxecto de que este tipo de actuacións non supoñan unha degradación engadida, sen xustificación posible en ningún país desenvolvido. Débese lembrar asimismo a necesidade dunha análise crítica de toda actuación proposta nestes espazos, na que debe imperar o criterio de preservación da naturalidade pola que foron oficialmente protexidos.

A APERTURA DA PESCA E O MARISQUEO: UNHA TEMERIDADE MÁIS

Xabier Vázquez Pumariño


As Administracións competentes (Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos e Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación) abriron paulatinamente desde hai semanas a veda para pescar e marisquear para determinadas artes e en diferentes áreas, de tal xeito que o único tramo onde a finais de abril non se podía exercer actividade extractiva algunha era entre a punta Insua (en Lariño, ao norte de Muros) a Punta Langosteira (ó oeste de A Coruña).

As confrarías amosaron en sucesivas ocasións o seu rexeitamento á apertura das vedas posto que o consideran unha temeridade. No mes de marzo chegaronse a vivir auténticos días de esperpento posto que o Ministerio de Pesca dirixido por Arias Cañete, tomou decisións contrarias sucesivamente, sementando o desconcerto e facendo perder máis credibilidade, se cabe, á administración pública e concretamente ás autoridades pesqueiras. Por outra banda resulta particularmente grave desde o punto de vista do exercicio da democracia e a participación pública que as decisións foran tomadas sen contar co sector.

ADEGA, pola súa parte, ven de rexeitar a apertura da pesca e o marisqueo no litoral galego por constituír unha temeridade debido a diferentes razóns:

1. Ata agora ninguén se enfrontara a unha situación similar na que tras seis meses do afundimento continua a chegar fuel: non estamos ante unha marea negra 'clásica', cunha única chegada de fuel. Hai que engadir que a superficie afectada é enorme: desde Portugal ao Sur de Francia.
2. Non se coñece con exactitude a situación de moitas especies comercializábeis en diferentes aspectos: afeccións directas, afeccións á reprodución polos danos a postas e larvas, estado fisiolóxico, particularmente preocupante no caso de especies con ciclo combinado, danos en hábitats, deterioro de recursos tróficos concretos, etc. Inda recoñecendo os bos resultados habidos en capturas dalgunha especie en canto a número e talla (consecuencia do paro biolóxico) non sabemos cómo van a reaccionar as diferentes especies nas seguintes tempadas.
3. Desde un punto de vista meramente ecolóxico, non parece racional someter á explotación poboacións que viron os seus hábitats e recursos fortemente afec-

Ramsés Pérez



O emprego da frota artesanal para deter as mareas negras evitou unha catástrofe maior

tados. Debería terse en conta que as poboacións de áreas non afectadas poderían xogar un papel clave na recuperación das poboacións nas áreas danadas (lémbrese que toda a Costa da Morte atópase gravemente damnificada).

4. Análises realizadas amosan que as especies capturadas conteñen Hidrocarburos Aromáticos Policíclicos (HAP) no músculo inda que, ao parecer, en niveis inferiores ós valores guía. Estes compostos son mutaxénicos e canceríxenos, persistentes e bioacumulativos, polo que a longo prazo poderían afectar moi negativamente á saúde humana.

En definitiva, os gobernos das Administracións responsábeis abren a pesca única-

UN INFORME CONCLÚE QUE HAI FUEL EN TODOS OS ESTRATOS E PROFUNDIDADES DE BOA PARTE DA COSTA ATLÁNTICA GALEGA, E RECOÑECE QUE O 77% DAS CAPTURAS REALIZADAS POR ARTES DE ARRASTRE MOSTRAN RESTOS DE FUEL

mente como medida propagandística para dar a entender á opinión pública que xa se solucionou o problema e, simplemente, para evitar pagar cuantiosas indemnizacións ós sectores afectados.

Unha vez máis asistimos a unha decisión de tipo meramente político sen soporte

ou criterio científico-técnico. Tal é así que incluso despois da apertura envíanse medios submarinos para inspeccionar os fondos, é dicir, faise unha avaliación da situación con posterioridade á toma de decisións, exactamente o proceso contrario que a lóxica, a razón e o método científico indican. É dificilmente entendíbel que mentres se extraen toneladas de fuel dos fondos do contorno do Parque Nacional das Illas Atlánticas estéase a pescar xa dende hai semanas.

A situación futura pode ser moi grave: un informe do Instituto Español de Oceanografía recoñece que o 77% das capturas realizadas por artes de arrastre en boa parte da costa atlántica galega (desde Corrubedo a Punta Candelaria, próxima a Cedeira) onde habitualmente se empregaban este tipo de artes teñen restos de fuel; isto suporía que case o 80% do pescado non podería ser comercializado e debería ser destruído; igualmente, o estudo conclúe que hai fuel en todos os estratos e profundidades.

Desde as Administracións igualmente esgrímese o argumento de que de parar as actividades extractivas durante máis tempo, perderíase unha cota de mercado que sería moi difícil de recuperar. Entendemos que de existir algún problema neste intre para o consumidor ou unha redución de capturas en anos sucesivos, si que provocaría un impacto económico trágico. Baseándose no principio de precaución, a prudencia debería guiar calquera decisión.

O centro de ocio do Grove



Punta Moreiras

Península do Grove

986 731 515

www.aquariumgalicia.com




Porto do Grove

Peirao Acquavisión

986 731 246

www.aquariumgalicia.com



 **acquavisión / galicia**

 **aquariumgalicia**

UN PLANO VIRTUAL E ECOLOXICAMENTE INSUSTENTÁBEL

PLAN GALICIA: MAREA DE CEMENTO E CHAPAPOTE

Xan Duro e Xosé Veiras*

NUNHA REUNIÓN QUE TIVO LUGAR NO PAZO DE MARÍA PITA CORUÑÉS O 26 DE XANEIRO, O CONSELLO DE MINISTROS APROBOU O DENOMINADO PLAN GALICIA PARA O "IMPULSO E EXPANSIÓN DE GALICIA". UN "PLAN" IMPRECISO (MÁIS PARECE UN PROGRAMA ELECTORAL), FEITO ÁS PRESAS SEN DIÁLOGO E SEN PARTICIPACIÓN SOCIAL, QUE PROCURA ANTE TODO UN IMPACTO MEDIÁTICO E PROPAGANDÍSTICO PARA CONTER O DESGASTE POLÍTICO DOS GOBERNOS AZNAR E FRAGA POLA SÚA NEFASTA XESTIÓN NO CASO PRESTIGE. UN PLAN QUE REPRESENTA UNHA NOVA MAREA DESTRUCTORA DO NOSO AMBIENTE, NESTE CASO DE CEMENTO, FORMIGÓN E ASFALTO. O MELLOR DO PLAN GALICIA É A SÚA ESCASA CREDIBILIDADE. O MOVEMENTO ECOLOXISTA NON RECLAMA A SÚA APLICACIÓN SENÓN UN NOVO PLAN QUE PROMOVA UN DESENVOLVEMENTO ECOLOXICAMENTE SUSTENTÁBEL E SOCIALMENTE XUSTO:

Nun comunicado conxunto, ADEGA, Amigos de la Tierra, CEMMA, FEG, Greenpeace, SEO/Birdlife, SGHN, Sociedade Galega de Educación Ambiental e WWF/Adena afirman que "os gobernos central e galego non entenderon a catástrofe do Prestige como unha chamada de atención sobre os efectos sociais e ecolóxicos dunha economía insostíbel e como unha oportunidade para traballar seriamente a prol do medio ambiente, dada a súa relación directa co benestar e coa calidade de vida. O Plano Galicia afonda en políticas ambientalmente destructivas que non priorizan a mellora dos indicadores sociais (saúde, emprego, educación, calidade ambiental,...)".

O Plan Galicia declara perseguir cinco obxectivos: rexeneración ambiental das zonas afectadas, impulso do investimento

O 96,7% DO ORZAMENTO DO PLAN GALICIA É PARA INFRAESTRUCTURAS DE TRANSPORTE CUN ALTÍSIMO IMPACTO AMBIENTAL NEGATIVO

productivo privado, diversificación sectorial da actividade económica, cohesión territorial e potenciación da imaxe de Galiza.

Os obxectivos semellan loubábeis. As cifras son importantes e, de seren reais e se investiren ben, permitirían un impulso considerábel do noso país. Mais cando

empezamos a levantar as capas de propaganda e demagogia que cobren o Plan, atopamos as eivas que o converten, en grande medida, nunha falsidade e nun disparate en termos de sustentabilidade ecolóxica.

Un primeiro e sorprendente dato é que, de todo o investimento prometido, un 60 % corresponde a proxectos presentados, aprobados ou en fase de execución, previstos no Plan Director de Infraestructuras estatal 2000-2007. Por exemplo, a autovía Pontevedra-A Cañiza lévase dez anos prometendo. O mesmo se pode dicir do plan da Xunta, pois dos 1.600 millóns de euros anunciados, 781 millóns xa estaban previstos. Os fondos novos, uns 6.000 millóns, non se sabe ben de onde procederían e destinaríanse maioritariamente a proxectos que se executarían na próxima década.

Outro dato moi importante: o 96,7% do orzamento do Plan Galicia é para trens de alta velocidade, autovías e porto exterior da Coruña. Se nos referimos ao plan da Xunta, o 75,8% do investimento total é para estradas.

Non deixa de ser irónico que, logo do que levamos visto e padecido nos últimos meses coa catástrofe do Prestige e coa guerra contra Iraq, as actuacións propostas para desenvolver Galiza fomenten unha dependencia aínda maior dos derivados do petróleo e afonden en políticas nocivas



A modernización para atinxir velocidades altas (en torno aos 200 km/h) e a ampliación da insuficiente rede de camiños de ferro debería ser a principal prioridade en materia de infraestructuras de transporte

para o medio ambiente e socialmente pouco rendíbeis.

AUTOVÍAS E VÍAS DE ALTA CAPACIDADE

Unha autovia fragmenta o medio natural e constitúe unha barreira para moitas especies animais, o que tende a empobrecer a diversidade biolóxica. As autovías atravesan a miúdo zonas de grande riqueza biolóxica e/ou agrícola, como ten acontecido coas autovías de conexión coa Meseta (lembramos o val do Neira, os bosques autóctonos de Barbadás e de Toén, as pozas de Melón, A Limia,...).

As características de radio de curvas, pendentes máximas e velocidades recomendadas deste tipo de viais obrigan a adaptar a paisaxe ao vial. Isto supón a profusión de desmontes, terrapléns e viaductos que alteran drasticamente o contorno.

A estrutura de asentamentos pequenos e dispersos que conforma a xeografía galega vese gravemente afectada por estas infraestructuras. O fluxo económico que xera unha estrada convencional pérdese



A "adoración" das autoestradas, autovías e vías rápidas leva á súa sobrevaloración e sobredimensionamento, en detrimento da atención doutras necesidades sociais máis importantes e á custa de graves prexuízos ambientais e sociais

no caso das autovías e autoestradas. Estas concentran nos puntos da saída e de chegada toda a sinerxia do tránsito, abocando aos núcleos de poboación intermedios ao declive e promovendo a concentración da poboación en grandes núcleos urbanos.

UN AVE A 350 KM/H CONSUME O MESMO QUE UNHA CIDADE DE 50.000 HABITANTES: SUPÓN MÁIS TENDIDOS ELÉCTRICOS, MÁIS CENTRAIS TÉRMICAS, ENCORAR MÁIS RÍOS, DESTRUÍR ESPACIOS NATURAIS CON GRANDES PARQUES EÓLICOS... E SE CADRA TAMÉN UNHA FUTURA CENTRAL NUCLEAR

Calquera pode comprobar este feito percorrendo a Nacional VI e preguntándolles aos veciños e veciñas cómo lles afectou a construción da Autovía do Noroeste.

É un feito sobradamente comprobado que a construción de novas estradas promove, aínda máis, o emprego do automóbil privado e consolida o transporte por estrada como o modo hexemónico de

movibilidade. Así, incrementábase a dependencia do petróleo e agrávase a deterioración ambiental causada en todo o mundo polo "ouro negro". O crecemento vertixinoso do transporte por estrada, xunto coa utilización excesiva de combustíbeis fósiles para a xeración de electricidade, fai practicamente imposíbel que o Estado español cumpra o Protocolo de Quioto, mesmo a pesar de que lle permite un aumento das emisións de gases causantes do cambio climático do 15% até o 2008-2012, con respecto a 1990!.

O automóbil privado é o medio de transporte menos eficiente enerxeticamente, máis contaminante e máis perigoso. Fomentar o seu uso discrimina a sectores sociais que non teñen acceso a un coche e obriga a moitas persoas a gastaren unha parte considerábel dos seus ingresos nun coche para poderen satisfacer as súas necesidades de transporte.

O AVE DESEXADO E O NON DESEXADO

Para evitarmos confusións, cómpre aclararmos que a definición legal de alta velocidade ferroviaria integra o Tren de Alta Velocidade estricta (300-350 km/h) e

o Tren de Velocidade Alta (200-250 km/h). Ao primeiro é ao que nos opomos desde o movemento ecoloxista.

As altas velocidades do AVE "de verdade", como o Madrid-Sevilla, implican o consumo dunha inxente cantidade de enerxía eléctrica (un AVE a 350 km/h consome o mesmo que unha cidade de 50.000 habitantes). Subministrar esa electricidade supón o tendido de novas liñas de media tensión e un argumento máis para construír novas centrais térmicas e manter as existentes, encorar ríos, destruír espacios naturais con grandes parques eólicos,... e, se cadra, no futuro tamén para xustificar a construción dunha central nuclear.

Para atinxir as altísimas velocidades do AVE estricto as súas vías deben ter unhas características que conlevan obras dun elevado impacto ambiental. O seu impacto sobre o territorio é similar ao

NON DEIXA DE SER IRÓNICO QUE O PLAN GALICIA FOMENTE A NOSA DEPENDENCIA DO PETRÓLEO

dunha nova autovía. E tamén como as autovías, polariza a poboación nas maiores aglomeracións urbanas.

O AVE precisa ao redor de 30 km para acadar a súa velocidade punta e un treito similar para frear sen brusquidades, o que o desbota para a conexión entre núcleos intermedios de poboación. Polas súas vías, os trens de mercadorías só poderían circular a velocidades máximas de 160 km/h, pero aínda así o seu peso deterioraría rapidamente as vías, de tal forma que na práctica os dous usos son incompatíbeis

O AVE estricto require uns investimentos altísimos e resulta socialmente pouco rendíbel. Son trens enfocados á minoría social que pode pagarse o billete, en competencia directa co avión.

Antes de que chovese o maná do Plan Galicia, o único AVE estricto previsto no noso país era o Santiago-Ourense. Como serían os novos AVEs incluídos no Plan (A Coruña-Monforte-Ponferrada ou Ferrol-Bilbao) e como será o AVE no tramo Ourense-Lubián?. Parece que serían de alta velocidade estricta. Tamén parece que a existencia destes proxectos de novos AVEs no Plan Galicia será efémera e virtual.

PORTO EXTERIOR DE A CORUÑA

A proposta deste porto, sobre cuxa construción non existe aínda unha decisión definitiva, só pode entenderse dende

PROXECTOS DE INFRAESTRUCTURAS DE TRANSPORTE (DO PLANO GALICIA E DO PLANO DE DINAMIZACIÓN ECONÓMICA DA XUNTA)

- Autovía Santiago-Brión e continuación en vía de alta capacidade até Noia. Construción dunha variante a Negreira
- Vía de alta capacidade Carballo-Berdoias
- Vía rápida do Morrazo
- Autovía Ferrol-Vilalba
- Vía de alta capacidade A Guarda-Tui
- Corredor Nadela-Sarria con prolongación até Monforte
- Autovía Pontevedra-A Cañiza
- Autovía Monforte-Chantada
- Autovía do Cantábrico
- Autoestrada Santiago-Ourense
- Autovía Santiago-Lugo
- Autovía Ourense-Lugo
- Autovía Verín-Fronreira portuguesa
- Modificación do tramo Ourense-Lubián do AVE a Madrid
- AVE do Cantábrico (Ferrol-Bilbao)
- AVE A Coruña-Monforte-Ponferrada
- AVE Ferrol-Tui
- AVE Santiago-Ourense
- AVE Vigo-Ourense
- Porto exterior de A Coruña

O TREN MÁIS CARO

O 29 de marzo contactei co servizo de información de RENFE para saber qué trens había dende Ribadavia que me permitisen enlazar co Rexional das 20:30 que sae de Ourense en dirección a Santiago. Con toda amabilidade, informáronme que ás 19:30 tiña un que chegaba ás 20:00 a Ourense, con tempo dabondo para coller o de Santiago. Tras asistir á asemblea da FEG na Casa de Cultura de Ribadavia, achegueime paseniñamente até a estación para mercar o meu billete a Ourense. Cal non é a miña sorpresa cando o empregado me di que o prezo do billete é de 9.50 €, posto que o tren das 19:30 é o Tren ESTRELLA (Galicia Nº 00920) tipo TALGO. Estamos a falar dun percorrido de 25 km que nun tren rexional custa 1.65€. En fin, non tiven máis opción que pagar o billete, chorando cada céntimo de euro de máis, despois de presentar unha queixa a través do Libro de Reclamacións. ¿Que pasará cando este tipo de trens sexan AVEs? Dá medo pensalo.

Xan Duro

o punto de vista de negocio especulador, posto que aos beneficios que suporía a súa construción para as empresas constructoras, hai que sumar os que se derivarían da urbanización de terreos que quedarían baleiros no centro de A Coruña para as inmobiliarias.

Ben perto de A Coruña, na entrada da ría de Ferrol, xa se está a construír un porto exterior custosísimo e cun grande impacto ambiental negativo (ver Cerna 32 e 35).

A "REXENERACIÓN AMBIENTAL"

Case todos os "investimentos" en rexeneración ambiental do Plan Galicia son, en realidade, gastos para a recolla do fuel na costa e no mar (non se inclúen os que conlevaría a extracción do fuel que ficou no Prestige). Inclúese o Plan Hidrolóxico de Galiza-Costa (ver Cerna 31) que, ademais de investimentos en saneamento e depuración, propón a construción de 24 grandes encoros (un xa construído, o de Caldas, no río Umia) e un excesivo número de canalizacións (entre elas a proxectada para o río Mero), ademais de permitir a construción de mini-centrais cun elevado impacto ambiental. O Plan Galicia tamén incorpora o Plan Forestal Español no noso país (2003-2008), plan que non aposta por unha xestión forestal sostíbel.

A SOLUCIÓN NON É MÁIS DO MESMO

O Plan Galicia non faría que Galiza converxese co resto do Estado español e de Europa en termos de PIB/habitante (indicador de desenvolvemento moi cuestionábel desde o paradigma da sustentabilidade). O noso país segue sendo periférico no conxunto da UE, cun 64,7% da media comunitaria de PIB/habitante. Xavier Vence, catedrático de Economía


Aplicada da Universidade de Santiago afirma que, para superar o atraso de Galiza en relación coas áreas máis desenvolvidas de Europa, "as solucións non son máis doses de cemento e chapapote, como na última década, que se traduciron nun fracaso sen paliativos, senón outro tipo de accións que sexan, por un lado máis cualitativas e, por outro, máis estratéxicas".

As organizacións ecoloxistas citadas ao comezo deste artigo achamos que, "en lugar dun Plan centrado nas grandes infraestruturas, sería preferíbel un Plan que promovese o desenvolvemento sostíbel e situase a Galicia dentro da chamada socie-

O QUE SE PRECISA É ESTIMULAR A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA E ORGANIZATIVA DO TECIDO PRODUCTIVO DE ACORDO CON CRITERIOS SOSTÍBEIS, E INVESTIR MOITO MÁIS EN I+D, PERO O PLAN GALICIA SO DEDICA O 0,06% DO SEU ORZAMENTO A ESTA FINALIDADE

dade da información". O que se precisa é estimular a modernización tecnolóxica e organizativa do tecido productivo de acordo con criterios sostíbeis, investir moito máis en I+D (0,06% do orzamento do Plan Galicia!), conservar, restaurar e valorizar o noso patrimonio ambiental e cultural, fortalecer o transporte colectivo, promover o aforro e a eficiencia enerxética, desenvolver as enerxías renovábeis de forma respectuosa co medio natural e favorecendo o seu aproveitamento descentralizado, mellorar a calidade do ensino e da sanidade, facilitar o acceso á vivenda ou ampliar os servizos sociais.

Cómpre superar a mitificación das infraestruturas de transporte. O investi-



...a un transporte respectuoso co meio

Os problemas de tráfico nas nosas cidades e vilas solucionaranse fortalecendo o transporte colectivo e limitando a circulación e estacionamento de automóbeis privados

mento nelas debe analizarse tendo en conta o conxunto das necesidades sociais e as limitacións orzamentarias, o impacto ambiental e a equidade social. Os expertos en transporte Antonio Estevan e Alfonso Sanz, no seu libro "Hacia la reconversión ecológica del transporte en España", sosteñen que "un plan infraestructural destinado á estabilización dos impactos ambientais e sociais do transporte debe volcarse na recuperación do ferrocarril convencional, eludir a creación de novas infraestruturas de transporte de alta velocidade e dedicar recursos á estrada case exclusivamente en concepto de acondicionamento e conservación do existente, limitándose a creación de nova infraestrutura viaria á de moi restrinxidos tramos de variantes en núcleos de poboación".

O modelo de desenvolvemento que inspira o Plan Galicia está a anos luz do promovido no Cumio do Río. Debemos evitar erros do pasado e apostarmos definitivamente por un modelo de desenvolvemento respectuoso co ambiente, beneficioso para toda a sociedade e que sente as bases para que as futuras xeracións de galegos e galegas non teñan que padecer outro Prestige.

A versión electrónica do artigo contén unha relación de bibliografía (www.adeagaliza.org)

*Xan Duro é Presidente de ADEGA e
Xosé Veiras é Secretario Executivo de ADEGA

patrimonio natural

coida do monte

PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS 2003

Se ves lume chama: **085** ou **112**

Foto: Xulio Correa



CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE

Dirección Xeral de Montes e Industrias Forestais



SERVICIO DE
DEFENSA CONTRA
INCENDIOS FORESTAIS

O PRESTIGE, ADEGA E O VOUNTARIADO

Adela Figueroa Panisse*

"Eu non quero limosnas. Eu quero traballar. Quero o meu mar. ¡Que mo deixen como estaba!"

Manuel, percebeiro de Fisterra. Na praia do Rostro. Decembro do 2002



M. Soto

A estas alturas todos sabemos que foi do Prestige, as consecuencias do seu vertido e afundimento e as continuas emisións do seu fuel oil sobre as nosas costas, cinco meses após o seu afundimento. Toda Galicia ficou untada de chapapote. As nosas ribeiras, o noso orgullo, a nosa vida está tiznada de negro pola fatal combinación dos vómitos do barco e o mal facer dos políticos (i)responsábeis sen excepción algunha.

Toda a raiba é pouca, a amargura é moita, eo todo. A dór é tan forte que custa dominala. Este é un sentimento xeralizado en toda a poboación. Séntense gañas de chorar e de berrar de impotencia perante a inoperancia, o desprezo e a insensibilidade de tantos botarates que, colocados nos seus postos de poder, ignoran o sufrimento do povo do que viven.

Púxose o país en maus de incompetentes, maus alleas aos intereses de Galiza. Galiza é un país pouco o nada industrializado. A suas riquezas estan no seu medio. Nesa capacidade imensa que ten de dar vida, cultivando o seu medio de maneira sustentavel.

Muita desa riqueza foi eliminada por políticas erradas de desarrollismo, asulagando vales, repoboando os montes con monocultivos de eucaliptos, trazando autovías e estradas de grande impacto

ambiental, concentracións parcelarias irrespetuosas co medio, desecando lagoas, etc.

O PRESTIGE TIROU POR TERRA TODO PROXECTO DE SUSTENTABILIDADE: SE SE REPITE, AS XERACIÓNS FUTURAS NON PODERÁN VIVER DO MESMO MEDIO, APROVEITANDO OS MESMOS RECURSOS QUE HOXENDIA

Pero aínda nos quedaba o mar!, ¡o noso mar!. Fermoso, fecundo, diverso en paisaxes e formas, desde os arcos das "Catedrais" en Ribadeo, ata a gloria das Rias Baixas. Desde a Veiga do Eo á Foz do Miño encontramos todo tipo de costas: escarpadas (no cabo Ortegal danse os cantís mais altos de Europa), mainas, suaves, que se abren en enseadas pequenas ou grandes, plataformas costeiras, esteiros, en foz, en rias de diferentes aspectos e orixe xeomorfolóxico, e todas están cheas de vida, diferente en cada caso. Os percebebes, esa maravilla gastronómica, escasa no mundo, propia dos batidos acantilados como o Roncudo (hoxe suxo de chapapote nos fundos, e inzado de ventoinhas no cúmio, producindo unha electricidade que Galiza non dá consumido). Os bivalvos dos ricos bancos dos imensos areais, ou o

modesto mexillón, proteína de alto valor biolóxico, do que somos (ou éramos) o primeiro produtor do mundo. E así de ahí para diante: dunas, marismas, lagoas, zonas ZEPA...


Galicia é Terra, pero é sobre todo auga: ríos e mar. @s galeg@s non sabemos vivir en seco, necesitamos da auga. Tamén necesitamos da vida. Por iso temos urxencia de recuperarmos toda a nosa capacidade de xerar vida. É unha urxencia que vai mais alá da cuestión económica e acuciante da xente que vive do mar. É tamén unha necesidade vital psicolóxica.

O DESENVOLVIMENTO SUSTENTÁBEL

O desenvolvemento sustentábel é unha meta de todas as sociedades civilizadas. Desde que foi timidamente definido na Conferencia de Estocolmo en 1972 e concretado no informe Brundtland en 1987, diversos encontros, cუმios, reunións internacionais (Rio 1992, Thesalónica 1994, Portoalegre 2000, etc.) redefiniron e perfilárono declarando un obxectivo prioritario das accións políticas nacionais e internacionais.

En esencia consiste nun modelo de desenvolvemento que respondendo ás necesidades das xeracións presentes, non poña en perigo o benestar das xeracións

M. Soto



futuras por culpa dunha explotación irracional do medio ou pola súa deterioración irreversible ou polas desigualdades sociais. A sustentabilidade esixe unha boa administración dos recursos, manténdoo e non esgotándoo, tendo en conta a súa taxa de renovación, e a capacidade do ecosistema para soportar os impactos.

Desenvolvemento sustentábel quere dicir independencia, autoorganización e autonomía das sociedades e pobos. Quere dicir desenvolvemento endógeno, incrustado na cultura da comunidade que o xera. Responde a unha demanda desa comunidade, non é imposto. Faise partindo dos propios modelos e non segundo modelos importados que acaban por xerar dependencia económica e cultural. Implica unha concepción ética inter e entrexeracional.

O desenvolvemento sustentábel ten en conta as externalidades dos procesos na valoración dos seus rendementos. Non se mide, por tanto, pola simples rendibilidade bruta do mercado que non contempla nos seus custos a deterioración do medio producido nen os custos sociais que poda acarrear o proceso de produción.

Interesa, sobre todo, o feito de que as xeracións seguintes poidan seguir vivindo da explotación e transformación do medio e dos seus recursos. É un tipo de desenvolvemento que procura vincular as persoas co seu contorno, coa súa propia cultura, e que fortalece os vínculos sociais e o entramado industrial dun país.

O que pasou có Prestige tirou por terra todo proxecto de sustentabilidade na explotación do noso medio. Se se repite, as xeracións futuras non poderán vivir do mesmo medio, aproveitando os mesmos recursos que as xeracións actuais. O

medio foi gravemente danado e os seus recursos postos en grave perigo.

@S VOLUNTARI@S

Muita xente, con sensibilidade ambiental, quere aportar o seu traballo para axudar á recuperación do medio. Son o exército de voluntarios que se despreza desde mediados de Novembro de 2002 polas nosas costas.

Esta marea humana solidaria é moi importante. En primeiro lugar, represen-

**“NON ME IDES DOBRAR,
SEGUIREI VINDO AINDA QUE
NOS MAREEDES CON ORDES E
CONTRAORDES, CAMBIOS DE
ITINERARIO, FALTA DE MATE-
RIAL, DESORGANIZACIÓN E
INTENTOS DE DESMOBILIZA-
CIÓN” (LORENZO, VOLUNTARIO
DA CORUÑA EN FISTERRA)**

tan o mellor da humanidade que todos partillamos. Tamén é moi importante a toma de contacto directo co problema: tocar, tocar o chapapote, a area, contemplar ese mar magnífico, bravo e frustrado na súa fecundidade.

Todas as maus son poucas. Temos tanta costa!... E aínda, cinco meses despois, falta moito por limpar. Para querer algo haino que coñecer. Non hai mellor lección de galeguismo que meterse na terra. O compromiso tamen se cultiva. Dándonos conta do que temos, poderemos valorar mellor o que perdemos, pero tamen a nosa cohesión e forza será a nosa mellor arma para recuperalo.

O fenómeno do voluntariado puxo de manifesto toda a incapacidade e o desin-

terese da administración, pero os voluntarios, coa súa presenza e insistencia están a obrigar a esa administración a funcionar, polo menos algo.

Lorenzo, un voluntario de ADEGA da Coruña, decía en Fisterra aló polo mes de xaneiro: “non me ides dobrar, seguirei vindo aínda que nos mareedes con ordes e contraordes, cambios de itinerario, falta de material, desorganización e intentos de desmobilización”.

GUERREIROS PACÍFICOS

Nós seguiremos retirando o chapapote das nosas praias. Na medida do que poidamos e impondo a nosa presenza alí onde cremos que somos necesarios. A nós impórtnos o noso país. Continuamos, despois de 5 meses, a forzar a administración a que funcione. Esta é unha guerra: non temos enfrente seres humanos, por iso imos a ela. Non imos invadir ningún país, empobrecido ou depauperado polo bloque internacional (sic). Temos en frente o chapapote, as externalidades dun proceso productivo, dun modelo de desenvolvemento produto do capitalismo máis salvaxe, que só procura altos rendementos a curto prazo. Pero vamos a obrigar a incluír estas externalidades (a desfeita das nosas costas) nos custos de produción. Temos tamen enfrente a unha administración ineficaz, ignorante e que demostrou non ter aprecio polo país do que vive.

Pero somos guerreiros pacíficos: só estamos a traballar, e a obrigar a administración a que funcione. Que non desmobilice aos voluntarios que queiran traballar. Que busque solucións para a desfeita que provocaron os seus representantes. Non é admisíbel que cinco meses despois do accidente, o buque continue a deitar fuel que segue a chegar ás costas, ou como nos dician hai poucos días en Corme, que limpen as rochas con auga a presión, movendo o chapapote dos coídos para o mar e dahi para as praias. Pudemos comprobar como praias que se daban por limpas agochaban cantidades importantes de piche baixo as rochas, ou enterrado na area. Na praia da Hermida (Corme) até 1,30 m de profundidade na area. Somos voluntarios para axudar e tamén para reinvidicar.

** Adela Figueroa Panisse é membro de Adegalujo e vocal da Xunta Directiva de ADEGA*

GALA DE ENTREGA DOS PRÉMIOS MARIA CASARES

AS XENTES DO TEATRO COS PÉS NA TERRA E NAS TÁBOAS

Comba Campoy*



Chapapote de principio a fin... cubria, igual que as costas galegas, o cenário do Rosalia

Muitos dos presentes comentaban ao seu remate que fora a gala máis teatral en moitos anos. A máis teatral, a máis reivindicativa. Se cadra os termos devan ir parellos para que a esencia do teatro teña sentido. Este ano era preciso, non podía ser doutra maneira. Deviamos utilizar os cenários do Rosalia, na Coruña, para facer ver o noso descontento, a nosa rebeldia. Recuperar os sans hábitos do patalexo e da pitada, xa presentes nas ruas (tamén nós estivemos en canta manifa e cacerolada houbo nos últimos meses). Esta noite, tratava-se de recuperar os espazos propios, de fazé-los nosos a pesar das ameazas e a falla de apoio institucional. Non somos a SGAE (e menos mal) e non manexamos cifras millonárias para celebrar unha gala, que no fondo é só a excusa perfecta para ver-nos todos unha vez ao

ano, para recoñecer-nos a nós mesmos o traballo que, pobre de apoios e de canles de distribución, ninguén máis recoñece. Coma todos os anos, a TVG emitiu o evento a altas horas da mañá, este ano sen molestar-se en curtar as declaracións máis polémicas. Non tería sido posíbel: terían que ter curtado todo.

Chapapote desde principio até o final da gala. Cubria, igual que as costas galegas, o cenário do Rosalia. Imposíbel non ver ou entender. Carlos Blanco sacava ferro a esta negrura co seu bó humor, sacava ferro e despois metía máis leña ao lume: non hai que esquecer. Ás dez da noite, as luces do teatro apagaron-se. Xoan Carlos Meju-to lia o manifesto do teatro galego, que este ano recordava aos compañeiros que se foron, Vidal Bolaño e Francisco

Taxes, e chamava a un teatro protagonista do seu tempo. Os sons das bombas e das metralletas calaron-no, calaron-nos a todos os presentes. As luces apagadas, e un arrepio percorrendo moitas calugas. Carlos Blanco fumava un pito calado, manso, o mesmo pito co que recordaría despois ao grande fumador ido, Vidal Bolaño. Despois dun minuto volveron as luces, seguiu o discurso. Por se alguén o tiña esquecido, o mundo que compartimos está en guerra.

Seguiu a gala, como tiña que ser, con teatro. Con teatro e con política, e que ninguén tente dissociar os termos nunca máis. "Nunca Mais", que co "non á guerra", decorava os peitos de todos. Tanto autocolante e tanta chapa deslucian os modelos dos presentes... ou criaban un concepto novo de gla-

mour anti-divo. Aquí a competición non se deu sobre alfombras vermellas (tamén a cor do sangue), polo favor dos críticos estetas e superficiais. Aquí os presentes luitavan polo maior número de autocolantes e de chapas. Os cómicos tamén teñen o seu orgullo, Don Manuel, e velaí a resposta fachendosa ante a súa provocación.

OS SONS DAS BOMBAS E DAS METRALLETAS CALARON-NOS A TODOS, AS LUCES APAGADAS, E UN ARREPIO PERCORRENDO MUITAS CALUGAS... POR SE ALGUÉN O TIÑA ESQUECIDO, O MUNDO QUE COMPARTIMOS ESTÁ EN GUERRA

“La política para los políticos...”...e un conto como aguda réplica. Cándido Pazó botou man da súa arma preferida, a que manexa con mais destreza. A historia que lle conta o bufón ao seu rei, e polo que é mandado decapitar. E o bufón morre contento, porque ao fin el cumpriu coa súa función, ser agudo e impertinente, recibir o aplauso da xente. O señor Fraga non deveu mirar a retransmisión da Gala na súa Televisión. Era demasiado tarde e xa se sabe o duras que son as xornadas do Señor Presidente. Se a mirase, vería-se retratado no rei daquel reino, e na simbólica inauguración da gala, con fita de papel hixiénico, coa que o bufón presidente da Asociación de Actores esperou os aplausos dos presentes. O bufón pode morrer tranquilo. O noso rei non tanto.

Seguiu a gala preta e branca, guiada pola lustrosa bicicleta de Carlos Blanco. Un recordo da última viaxe a Amsterdam, cidade que recende a maria libre e a paseos sen a impertinencia dos exércitos de buguinas. A bicicleta, dominando o cenário, recordou-nos que a protesta non implica só arrincar o chapapote das nosas costas, senón facer por acabar coa moura substancia desde o inicio da cadeia: o consumo enerxético. Fronte á desazonante visión dos monos brancos sobre o negro (nas táboas do Rosalia, a orquestra de metais de Santa Cecília levava o uniforme do voluntario, cenificando esa estampa), as cores vivas da bicicleta simbolizaban unha alternativa que nos debe facer mirar adiante e lutar por un

cambio desde o primeiro elo da cadeia. O mesmo que o nariz vermello que Vidal Bolaño deixou sobre todos os fuciños, o nariz que leva implícita toda a filosofía do clown: autocrítico e optimista, amável desde a mordacidade, sincero e cheio de enerxía, amante da vida e inimigo dos que a manipulan e a mercantilizan.

Paralelamente, tiña lugar o reparto de premios. Un premio, un berro, semellava ser a consigna. Un berro no nome de todos, premiados e non premiados, intentando chegar lonxe, a muitos kilómetros do lugar da Gala. A satisfacción polo recoñecemento mantíñase, mais desta vez semellou pasar a un segundo plano, diante do impulso das mensaxes e do eco no público. Entre todas elas, unha mui certa: a de Carlos Santiago que recolleu o premio no nome de Fran Alonso, absente por

estar traballando en Portugal. Tamén a negra sombra da emigración segue campando sobre a profesión.

O teatro doente deste país non ficou paralisado na autolamentación; xuntou o seu berro positivo cos do mundo no que se asenta e para o que vive. No berro do mar ferido que quer curar, no da paz que é utopía, no dun teatro que fale desde a xente, para e coa xente. E aínda que os apoloxetas da morte, do gris metálico das armas e do dióxido de carbono, seguen sen escuitar, as xentes do teatro ficamos contentas ao final da noite. Foi a gala mais teatral, a mais reivindicativa. A única posíbel este ano e este momento.

** Comba Campoy é secretaria de comunicación da Asociación de Autores, Directores e Técnicos de Escena de Galiza (AAD-TEG)*

Alvarella Alberque Turístico Rural

ECOTURISMO

- ◆ 68 prazos
- ◆ Actividades de educación ambiental
- ◆ Turismo cultural
- ◆ Rotas de sendeirismo
- ◆ Obradoiros
- ◆ Horto ecolóxica
- ◆ Enerxías renovables
- ◆ Piscina
- ◆ Pista deportiva
- ◆ Servizos concertados de piragüismo e cabalos



Breanca Dorofia s/n 15637 Vilarmador A Coruña
Tif./fax 981.79.88.63 info@alvarella.com

www.alvarella.com

Achégate ó Parque Natural das Fragas do Eume



Casa Pousadoira

Fermosa casa tradicional restaurada. Situada a **15 Km do parque natural Fragas do Eume** e a **8 Km da Praia Grande de Miño** e a **800 m do río Lambre**. Ademais **Adegas Pousadoira** foi a primeira adega en sacar ao mercado **Viño de Betanzos** etiquetado e hoxe é o máximo exponente dos **Novos Viños de Betanzos**.

Tlf. e fax.: 981-195118.
Móvil: 629-280565



Turismo rural, horta ecolóxica e produción de viño de Betanzos

A LOITA POLA PAZ NA GALIZA

A COORDENADORA GALEGA POLA PAZ, CONSTITUÍDA POR MÁIS DE 30 ORGANIZACIÓNS DA SOCIEDADE CIVIL GALEGA, ENTRE ELAS ADEGA, FIXO PÚBLICA A SUA OPOSICIÓN RADICAL A BARBARIE QUE SUPUÑA A INVASIÓN MILITAR DE IRAQUE E PROMOVEU AS MULTITUDINARIAS MOBILIZACIÓNS QUE TIVERON LUGAR EN GALIZA, AO IGUAL QUE NOUTRAS PARTES DO MUNDO, OS PASADOS DÍAS 15 DE FEBREIRO, 15 DE MARZO E 6 DE ABRIL, ASÍ COMO NUMEROSAS MOBILIZACIÓNS EN VILAS E CIDADES DE GALIZA CONVOCADAS POLAS DISTINTAS COORDENADORAS COMARCAIS.

En resposta á participación do Estado español na guerra, a Coordinadora Galega pola Paz deseñou as súas campañas baixo o lema "Non no noso nome, non co noso silencio" e baseouse nos seguintes argumentos contrarios á guerra, entre outros:

- ▶ É moralmente inadmisíbel e inxustificábel atacar militarmente a un pobo que vén sendo castigado brutalmente desde 1991, co obxecto de invadir o seu territorio, apoderarse das súas riquezas, e impoñer un goberno títere que garanta os intereses económicos e estratéxicos dos EE.UU. na rexión.
- ▶ As armas fixeron calar a posibilidade de desarme diplomático e pacífico do réxime tiránico de Saddam Hussein.
- ▶ Esta guerra vai contra as xustas demandas de paz da cidadanía mundial e pretende configurar as relacións internacionais primando o uso da forza e da violencia fronte ao dereito e a legalidade.
- ▶ A participación militar española promovida polo PP, con tropas e uso militar das bases, non pode disfrazarse de axuda humanitaria, e coloca ao goberno á marxe da legalidade internacional e nun claro enfrontamento coa sociedade.
- ▶ O pobo iraquí é a principal vítima inocente da invasión militar, con miles de mortos e feridos. As accións militares atentan contra as persoas, contra a súa vida, e contra a natureza: en Iraq, o chamado exército aliado está cometendo o maior atentado ecolóxico dos nosos días, contaminando a auga, o solo e o ar e destruindo os ecosistemas e as terras fértiles.
- ▶ O despilfarro económico, científico e humano dos recursos destinados á maquinaria da morte ofende a conciencia humana, sobre todo cando

sabemos que diariamente morren máis de 30.000 nenos e nenas de fame e malnutrición no mundo, sen que os países poderosos fagan nada ao respecto.

- ▶ Esta invasión ameaza a paz mundial e incrementará o odio e o resentimento contra a cultura occi-

dental, promovendo o fundamentalismo, xa que recollemos o que sementamos.

- ▶ Non estamos máis seguras con esta guerra de ocupación: sentímonos máis desconfiados e tememos que a maquinaria invasora non se deteña, continuando sobre Siria e Irán.



Ramsés Pérez



Ramsés Pérez


Manifestación do 6 de abril en Compostela

POR PETRÓLEO MATA-SE

Xosé Maria García*

**IDI NON Á GUERRA
NON AO PETRÓLEO
NON AO COCHE!**

FAI FOLGA DE AUTOMÓBIL PRIVADO



**MOVETE A PÉ,
EN BICI,
EN TRANSPORTE PÚBLICO OU COMPARTIDO**

ADEGA - Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza

O petróleo mata e por petróleo mata-se, estamo-lo a comprovar, temos dous exemplos achegados e contundentes: a maré negra do *Prestige* e o desenvolvemento dumha nova guerra contra o Iraque.

O petróleo mata:

- Directamente

Durante a súa estracción, transporte, almacenamento e transformación, nom só polos accidentes derivados da esencia chapuceira característica do ser humano, senom pola multiplicación que destes se dam ao actuar seguindo a lóxica da procura do máximo beneficio co mínimo custe para umha minoria. A maré negra do *Prestige*, como todas as anteriores, é um caso claro.

- Indirectamente

A combustión e transformación do petróleo e os seus derivados está na orixe de boa parte da contaminación medioambiental e o cambio climático, da crise ecolóxica global que estamos a vivir e, polo tanto, da enfermidade e morte de muitos seres vivos, humanos e non-humanos, especialmente dos excluídos, os mais expostos e desprotegidos, os mais indefensos, quem, aliás, nom adoitam gozar dos beneficios da explotación deste combustível fóssil.

Só um estilo de vida e umha organización económica sensivelmente ecolóxica, baseada na utilización responsable dos recursos, pode reducir o perigo de que crises como a guerra do Golfo voltem ocorrer umha e outra vez

Petra K. Kelly. *Por un futuro alternativo*. Paidós, Barcelona, p. 143, 1997


Por petróleo mata-se:

O petróleo é um recurso escaso e non-renovável a cujo esgotamento poderíamos assistir entre 2030 e 2040. Se a isto sumamos que é um elemento básico do modelo energético sobre o que está construído o actual sistema económico, e que os principais poços se atopam longe dos centros económicos, entenderemos que as reservas petrolíferas tenhem umha grande importancia estratégica: quem controle o petróleo nom só terá garantido o alimento da súa indústria, senom que ademais posuirá

O PETRÓLEO LEVA-NOS ALEGREMENTE CARA O ABISMO DUMHA CRISE ECOLÓGICA GLOBAL DA QUE SE DERIVARÁN ENFERMIDADES, MORTES E CONFLITOS POR MOR DA PERDA DE COLHEITAS E TERRA FÉRTIL, A ESCASEZA DE ÁGUA POTÁVEL, AS CATÁSTROFES NATURAIS...

um notável instrumento de poder sobre os demais.

Assi temos que, os mesmos intereses que nom duvidam em extraer petróleo de zonas de alto valor ecológico ainda atopando-se protegidas, os mesmos que para isto passam por riba de populações indígenas, som os que sustentam governos autoritários submissos, atacam regimes non-comprazentes coas suas pretensões e alimentam guerras polo controlo do *ouro negro*. E conforme se vaian esgotando as reservas é de supor que esta situación se agravará. Os jazigos de petróleo e os oleodutos som chave na actual política geo-estratégica. O acceso ao petróleo está inçado de corrupção e morte e o legado que, de nom mudar as cousas, deixaremos às



**BUSH, BLAIR, AZNAR...
O PETRÓLEO
MATA**

PAREMOS A GUERRA NO IRAK



gerações futuras pode-se intuír aterrador.

Nom surprende, já que logo, que acabemos de assistir a um ataque ao Iraque que resposta, em mui boa medida e de forma clara, aos intereses dumhas empresas petrolíferas fortemente representadas no actual Governo dos EUA, quicá mais influíntes do que nunca e ansiosas de explotar as maiores reservas de petróleo do mundo despois das de Arábia Saudí.

O petróleo mata e por petróleo mata-se, hoje e manhá: é o principal alimento dum sistema económico insustentável que nos leva alegremente e a umha velocidade crescente cara o abismo, aprofundando numha crise ecolóxica global da que se derivarán enfermidades, mortes e conflitos por mor da perda de colheitas e terra fértil, a escaseza de água potável, as catástrofes naturais... E faise algo para evitar isto? Quem tenhem o poder, os mais favorecidos por esta tolerância, só procuram acrescentar o seu beneficio — agravando a situación — e

salvar-se a si próprios, e, para o seu beneficio e segurança, entre outras cousas, preparam e desenvolvem a guerra, quer dizer, botam mais lenha ao lume, se temos em conta que a guerra e a sua preparación é um dos principais factores de destrución ambiental.

Mas, hai alternativas! O que nom hai é demasiado tempo. Nom temos vocaçom de etern@s manifestantes contra as marés negras, a guerra e demais "danos colaterais" do industrialismo,

como tampouco nos resignamos a que o mundo continue polo camiño que vai. Um outro mundo nom só é possível, senom que é imprescindible. Som horas já de mudar o actual sistema económico e o modelo energético que —aínda— o sustenta, som horas de procurar umha saída emancipatória à crise ecológica global, antes de que seja demasiado tarde. A alternativa passa por un mundo no que podamos conviver todos os seres vivos: humanos e nom-humanos, homes

e mulheres, do Norte e do Sul... de hoje e de manhá, e para isso nom só nos temos que manifestar, nom só temos que exigir cámbios a governos e empresas, temos que mudar o noso modo de vida, que nom só fai parte do sistema que detestamos senom que é esencial para a sua reprodución. Se hai futuro, será verde!

**Xosé María García é vocal de pacifismo e globalización de ADEGA*

BICIS POLA PAZ OU CANDO AS BICICLETAS DIN ¡NON Á GUERRA!

En 1.989 un grupo de ciclousuarios/as (dos que nos desprazamos a diario en bici dende fai moitos anos) da Ribeira Sacra vinculados á defensa do medio ambiente e a solidariedade pensabamos un proxecto de bici-solidariedade poñéndonos en contacto con distintas comunidades populares de America Latina por ver de se serían útiles as bicicletas para os seus proxectos de desenvolvemento.

Axiña recibiamos con paixon diversas cartas de Guatemala, El Salvador, Nicaragua... na que nos pedían axuda para mercar esas Bicicletas. Aos poucos días financiabamos o primeiro proxecto: entregar bicicletas a un grupo de parteiras guatemaltecas refuxiadas en México. Era o ano 1.990 e nacía Bicis pola Paz.

Neses trece anos, son centos de bicicletas (e tamén burros e bici-muiños) que transportan a solidariedade da Galiza en 23 países de America Latina, Asia, Africa e tamén aos inmigrantes que se achegan a Europa. Médicos, xornalistas, veterinarios, enfermeiras, agricultores, educadores, mulleres melloran a calidade dos seus traballos e das súas vidas gracias a unha bicicleta. Todo esto sempre con xeitos de financiamento imaxinativos, conta-contos nas escolas co "Carballo con Botas", campañas de obxección fiscal ao gasto militar ou un bici-taxi tamden que descubre a Ribeira Sacra pedaleando a cambio duns euros para as bicis.

Chámase Bicis pola Paz e é un berro antimilitarista a prol dun novo modelo de solidariedade, deixar de "vender" modelos coma o noso agresivos co ambiente e "aprender" dun novo modelo de xustiza social baseado na cooperación entre os pobos e a natureza. En resumo, unha humilde, diminuta proposta, desas que fan outros mundos posibles.

Anxo Moure (Chantada)

EN PAZ

"Se queres a paz
prepara a guerra"
-dixo-

Millóns de mortos

É fácil

Toneladas de munición a encher os campos
onde non nacerán patacas nin millo

É fácil

Intereses fraticidas das grandes compañías

É fácil

Premer o botón e notar o impacto

É fácil

Instalarnos a rutina do sangue na retina

É fácil

Construír a cada paso a manipulación

É fácil

¡Se queres a paz
prepara a PAZ!

Difícil tarefa

ESA SI QUE PAGA A PENA

13 CIFRAS

9.071.800: Quilos de explosivos ciscados no chan de Iraq entre decembro do 98 e setembro do 99

1.500.000: Estimación oficial de persoas iraquís mortas pola aplicación das sancións da ONU

35.000: Baixas civís na Guerra do Golfo

Máis de 10.000: Cabezas nucleares dos EEUU

6.000: Militares iraquís en retirada enterrados vivos polos tanques estadounidenses adaptados para iso na Guerra do Golfo

700%: Aumento da incidencia do cancro en Irak entre o 91 e o 94

345%: Aumento da mortalidade infantil en Irak do 89 ao 99

300: Inspeccións en Irak entre novembro e decembro do 98

65: Resolucións da ONU violadas por Israel á altura do ano 92

50%: Porcentaxe estimada a priori de nenos e nenas do total de persoas que van morrer nesta guerra

2ª: Posición de Irak como reserva petroleira mundial

0: Número total de armas nucleares que posúe Irak

0 ABSOLUTO: Porcentaxe de simpatía que espertan en nós os dictadores de todas as cores, democráticos ou non.

Emma Abella, Concentración da Coordinadora de Bergantiños pola Paz, Carballo, 4 abril 2003

GUERRA IMPERIALISTA CONTRA IRAQUE

RAZÓNS PARA SEGUIR REXEITANDO A AGRESIÓN

Carlos Taibo*



Moitas son as razóns que obrigan a seguir rexeitando a agresión que EE.UU. ten desenvolvido contra o Iraque. Mencionaremos dez entre elas.

1. *Occidente non dubidou en apoiar, no decenio de 1980, ao Iraque de Saddam Hussein.* Este parecía daquela un saudábel baluarte para frear á revolución islámica iraníana. Naqueles anos EEUU e os seus aliados non dubidaron en colaborar nos programas de armas de destrución masiva iraquianas. Entón seica non preocupaba en absoluto que Bagdad gasease adolescentes iraníanos ou resistentes kurdos.

2. *Desde 1991, a poboación civil iraquiana ten sido vítima principal das políticas occidentais.* Amais de padecer a represión do réxime, os iraquianos sufreron a crueldade e a irracionalidade dun embargo que se ten cobrado a vida de máis dun millón de persoas, na súa maioría cativos. As sancións non só non tiveron efecto ningún na conducta das autoridades iraquianas: acrecentaron a dependencia da poboación con respecto a estas.

3. *En 1998 ao Iraque non lle faltaban razóns para expulsar —ao cabo, e sen embargo, non o fixo— aos inspectores de armas da ONU.* Entre elas, e á parte do embargo, contábase o bombardeamento permanente do país por parte das aviacións estadounidense e británica, o emprego dos inspectores para transmitiren información militar aos servizos de espionaxe norteamericano e israeliano e, en fin, as reiteradas declaracións dos voceiros do goberno de EEUU no sentido de que este último non erguería as sancións nin sequera no caso de

que o Iraque dese cumprida satisfacción das resolucións do Consello de Seguridade.

4. *Non se ten documentado ningún vínculo evidente do Iraque co terrorismo internacional.* Os propios voceiros, e os servizos de intelixencia, de EEUU e o Reino Unido recoñeceran a miúdo que non hai probas de tales vencellos. Isto a parte, o Iraque -un Estado laico- e o islamismo radicalizado mantiveran de sempre unha relación tensa.

5. *Non existen probas solventes da existencia, no Iraque, de armas de destrución masiva.* Dada a conducta das autoridades iraquianas -abertas desde o outono ás demandas dos inspectores da ONU-, ben sinxelo era que esas armas non existisen. Cómpre preguntarse, ademais, por que non se aplicaban a outros Estados -Israel- as rigorosas normas que se pretendían desenvolver no Iraque.

6. *A principios de 2003 o Iraque non era un perigo para ningúen.* Mesmo no caso de que dispuxese de armas de destrución masiva, o Iraque non configuraba -

O PETRÓLEO BARATO ESTABA DETRÁS, ABOFÉ, DA AGRESIVIDADE ESTADOUNIDENSE POIS EXISTÍAN OUTROS CAMIÑOS PARA RESOLVER OS PROBLEMAS: UNHA AMPLIACIÓN DA MISIÓN DOS INSPECTORES DA ONU TERÍA GARANTIDO DE FORMA SOBRADA QUE AS TENSIONS BÉLICAS E AS AMEAZAS, NON REAPARECERÍAN CO IRAQUE COMO EPICENTRO

tanto máis unha vez reanudadas as operacións de inspección da ONU- ningunha ameaza. Un informe da CIA sinalaba meses atrás que as súas presuntas armas de destrución masiva só eran un perigo no caso de que algunha potencia foránea asumise unha política agresiva. Arabia Saudí e Turquía parecían temer máis os efectos dunha agresión norteamericana que os riscos derivados da presenza, no Iraque, de armas de destrución masiva. Ninguén sensato tomaba en serio a perspectiva de que Bagdad agredise a algún dos seus veciños.

7. *A agresión estadounidense contra o Iraque supuxo unha agresión, tamén, con-*

tra a Carta de Nacións Unidas. Non se podía verificar un ataque contra o Iraque se non mediaba unha resolución expresa do Consello de Seguridade. Para que o Consello autorizase tal agresión debía demostrarse que o atacante se encontraba ameazado, algo literalmente impensábel nas circunstancias que nos ocupan.

8. *Os obxetivos reais de EEUU no Iraque son moi distintos dos enunciados na retórica oficial.* Algúns teñen unha condición conxuntural: rematar a operación que o pai do actual presidente norteamericano deixou a metade de camiño en 1991, darlle azos á campaña internacional contra o terrorismo, silenciar escándalos financeiros ou obter os rendementos eleitorais que procedesen. Outros respondían a propósitos máis notábeis: reformular o mapa estratéxico do Oriente Próximo, con Israel como aliado principal, e facerse co control dun país xeoeconomicamente moi interesante, o Iraque, en virtude dos inmensos xacigos de petróleo que atesoura. O petróleo barato estaba detrás, abofé, da agresividade estadounidense.

9. *Existían, con toda evidencia, outros camiños para resolver os problemas.* Malia a propaganda, había razóns sobradas para concluir que unha ampliación da misión dos inspectores da ONU tería garantido de forma sobrada que as tensións bélicas, e as ameazas, non reaparecerían co Iraque como epicentro. Isto a parte, en modo ningún pode esquecerse que a guerra estaba chamada a cobrarse -así foi- as vidas de decenas de miles de iraquianos inocentes.

10. *A política do goberno español ten sido, e é, extremadamente miserenta.* Explícase, se cadra, en virtude de catro datos: a acomplexada psicoloxía -e a megalomanía conseguinte- do presidente Aznar, a sintonía entre proxectos conservadores como os que inspiran aos gobernos de Washington e de Madrid, a preservación dunha inercia de submisión ao dictado norteamericano que data de 1982 e, en suma, o desexo de non ficar na marxe do reparto do botín que se albisca.

*Carlos Taibo é Profesor de Dereito Internacional na Universidade Autónoma de Madrid

OUTRA FORMA DE VIOLENCIA CONTRA OS POBOS

O IMPACTO AMBIENTAL DA GUERRA

Xabier Vázquez Pumarino

A PRIMEIRA GUERRA DO GOLFO

A primeira guerra do Golfo nos anos 90 e 91 tivo un impacto ambiental desmedido sobre o territorio de Kuwait así como nas augas do Golfo pérsico. Calcúlase que máis do 90% da superficie desértica de Kuwait está seriamente impactada polas actividades militares polo que os procesos de desertificación vense gravemente acelerados; neste senso, hai que indicar que é un erro conceptual considerar os desertos como lugares completamente baleiros de vida; antes ben, conteñen hábitats de extraordinaria importancia e moi delicados que acollen unha interesante vida vexetal e animal e son o soporte da supervivencia dos pobos que viven no deserto.

Por outra banda, o impacto sobre o medio mariño foi moi grave pois consi-

COA ANTERIOR GUERRA DO GOLFO TIVO LUGAR O MAIOR VERTIDO DE CRU DA HISTORIA E OS RESIDUOS TÓXICOS DA GUERRA AFECTARÁN Á INDUSTRIA PESQUEIRA LOCAL POR MÁIS DE 100 ANOS

dérase que o Golfo Pérsico sufriu o maior vertido de cru da historia cun total de 6 a 8 millóns de barrelos derramados, que contaminaron severamente 560 km de costa, destruindo totalmente os ecosistemas intermareais; calcúlase que morreron máis de 30.000 aves acuáticas e mariñas. Segundo o World Resources Institute, os residuos tóxicos da anterior Guerra do Golfo afectarán á industria pesqueira local por máis de 100 anos.

O impacto sobre a atmosfera, ao queimarse de xeito accidental ou provocado os pozos petrolíferos foi desmedido (hai que lembrar que Kuwait permaneceu meses baixo a sombra do fume); contribuíuse de xeito dramático ao efecto invernadoiro e puxeron en circulación inxentes cantidades de contaminante como dióxido de carbono, xofre e hidrocarburos volateis, só por nomear algúns. Incluso houbo outros efectos non previstos: o fume impediu a chegada de luz

suficiente ás augas do Golfo co que a produtividade primaria viuse severamente mermada, colapsando os caladoiros. Os movementos da maquinaria de guerra: avións, helicópteros, vehículos, etc. provocou un desmedido incremento do consumo de combustible, o que tamén contribúe á contaminación atmosférica grave e ao efecto invernadoiro.

Finalmente, o delta dos ríos Tigris e Eufrates constitúe unha das zonas húmidas máis importantes da rexión onde invernan miles de aves acuáticas, procedentes de Siberia especialmente, e onde se desenvolve a cría de especies de peixes que constitúen as pesquerías maioritarias das augas do Golfo, cuxos caladoiros víronse severamente reducidos nos últimos anos; o delta viuse danado severamente por actividades físicas e vertidos de petróleo, así como pola contaminación que o Tigris e o Eufrates arrastran.

O USO DAS ARMAS

O uso das armas provoca unha gran contaminación química difusa que trae graves consecuencias para a vida silvestre e para as poboacións. Se ademais os obxectivos son instalacións industriais, as consecuencias son moito peores: por exemplo na anterior guerra dos Balcáns bombardeouse unha fábrica de plásticos e vinilos emitíndose a atmosfera grandes cantidades de dioxinas, cloro, bicloroetileno, cloruro de vinilo, etc.

Mención aparte merece o emprego de mísiles que conteñen uranio empobrecido; a pesar da súa baixa actividade e vida media, contaminan radioloxicamente de xeito grave extensas áreas. As afeccións son directas para a poboación: cancro, leucemia, malformacións, que mesmo afectaron aos soldados norteamericanos,



inda que a peor parte levouna, e está a levala, a poboación infantil local. Este tipo de munición séguese empregando ao longo da seguinte década sobre boa parte da poboación iraquí.

Na pasada guerra de Afganistán asistimos a impactos semellantes inda que con elementos novos: nas montañas do norte existen grandes áreas boscosas que albergan unha gran biodiversidade. Estes bosques víronse danados polos constantes bombardeos e incendios que se produciron. ao respecto tamén hai que lembrar que durante a guerra do Vietnam empregáronse defoliantes químicos, como o famoso axente laranxa, cuxas consecuencias nos ecosistemas inda se están a vivir. No norte de Iraque, no Kurdistan, existen áreas montañosas tamén con superficies boscosas de gran interese para a conservación da biodiversidade biolóxica que corren o risco de destruírense por incendios e impactos diversos. Así mesmo, nestas montañas recóllese a maior parte da auga que logo chega ao

resto do país, e existen áreas agrícolas de gran interese.

A ACTUAL GUERRA CONTRA O IRAQUE

Na actual Guerra contra o Iraque estanse a producir danos similares sobre a flora, a fauna, os ecosistemas, a auga, a terra e a atmosfera. Tamén hai que ter en conta que ao longo dos ríos Tigris e Eufrates existen unha serie de humedais, denominados 'humedais mesopotámicos', dos máis importantes de Eurasia, que na última década víronse radicalmente destruídos e que coa actual guerra poderían desaparecer. Hai que ter en conta que nestes humedais viven diferentes especies endémicas que, poderían simplemente, extinguirse. Tamén ao longo das bacías destes ríos están a maior parte das terras de cultivo que se verán danadas, ben por ser contaminadas, ben por procesos erosivos; logo virán co programa alimentos por petróleo, o que enriquecerá a grandes corporacións agrícolas en occidente tamén cun impacto ambiental importante agravado polo emprego de alimentos transxénicos; esta drástica limitación para a produción de alimentos propia xera unicamente unha extraordinaria dependencia exterior o que limita a liberdade dos pobos para decidir o seu presente e dende logo o seu futuro.

O desprazamento das tropas ao longo do país trae como consecuencia tamén unha importante contaminación posto que, por exemplo, toda a comida consumida ven empacutada en envases plásticos.

O IMPACTO AMBIENTAL DAS GUERRAS NON É UN PROBLEMA SECUNDARIO, XA QUE SUPÓN ROUBAR AO CONXUNTO DA HUMANIDADE UN DOS SEUS PATRIMONIOS MÁIS VALIOSOS: A DIVERSIDADE BIOLÓXICA, A AUGA E A TERRA

cos que moito nos tememos non son recollidos e moito menos reciclados.

Inda que parece que non foi o caso desta guerra, habitualmente danse movementos masivos de refuxiados a lugares concretos que producen un gran impacto ambiental nos lugares de paso e de asentamento, pois hai unha gran contaminación local, destrución directa de hábitats e un incremento do consumo de leña como combustible, que pode ter un gran impacto en áreas de mato ou bosque contribuíndo á perda de diversidade biolóxica e á erosión.


Finalmente, hai que lembrar o perigo constante que supón que buques, submarinos e portaavións norteamericanos

leven reactores nucleares como motor, que no caso de seren alcanzados provocarían unha catástrofe evidente en calquera océano ou mar do planeta.

CONCLUSIÓN

Tal e como lembraron científicos de medios académicos norteamericanos, como os da Universidade de Princeton, o goberno norteamericano considera o impacto ambiental da guerra como outro 'dano colateral' máis. Nembargantes non é un problema secundario, supón roubar ao conxunto da humanidade un dos seus patrimonios máis valiosos: a diversidade biolóxica, a auga e a terra, dos que depende a propia supervivencia do planeta. Por outra banda supón a hipoteca definitiva dos pobos que teñen que sufrir a guerra pois os seus recursos naturais, ao verense tan mermados, impiden o desenvolvemento normal das poboacións, forzadas á emigración, á precariedade, á falla de saúde e á dependencia externa - inda que isto, seguro que aleda a máis dalgún gobernante e empresario occidental ligados a potentes conglomerados económicos.

Polo que pasou, polo que pasa,
polo que poida pasar. O mellor, poñer



Agora, máis que nunca

"HOY POR HOY" Iñaki Gabilondo 6:00 a 12:30 h.

a Iñaki Gabilondo. A radio cambia.

Pero Hoy por hoy segue onde sempre.

Agora máis que nunca. Cadea SER.

A boa radio.



A CREDIBILIDADE do Nº1

www.cadenaser.es

A ESCOLA DI NUNCA MÁIS Á GUERRA

Antón Fiañas

A todos os escolares iraquís, mortos, orfos, mutilados, refuxiados, exiliados, sobreviventes.

É moito o que pasou neste curso escolar que aínda non rematou. Marea negra e guerra vainas lembrar a escola como desgracias familiares que se introduciron nas nosas casas e nas nosas almas. Galicia encadeou a súa protesta fronte da marea negra e da guerra. Estamos nun tempo global, de divorcio abismal entre opinión pública e os centros de decisión política, un tempo de infamias, co mundo ás avesas, ao revés, como no vello sirventés.

COA ALMA NUN PUÑO

Tivéronnos coa alma nun puño pero vivimos meses de contestación. *Nunca máis* é un dos movementos cívicos máis importantes da historia de Galicia, que enchería de entusiasmo ao mesmo Curros Enríquez. É vertixinosa a sucesión de manifestacións, concentracións, festivais, recitais, etc., con alegría e pacifismo decididos, por moito que lles pese.

BOMBARDEO DE ESCOLAS

Nin as escolas se viron libres dos bombardeos. Estamos en guerra e hai que reflexionar. A escola galega sumouse tamén espontaneamente á indignación e ao clamor popular; dos seus balcóns pendurou esa bandeira azul e negra, esa bandeira que é galega e xa é de todo o mundo, pois toda a humanidade berrou nunca

máis. Esa bandeira defende a casa dos malos espíritos, ten valor apotropaico. A escola galega agardou serenamente a súa contestación e esta tivo lugar, modelicamente organizada polo colectivo Area Negra, o 22 de xaneiro: unha morea de escolares e profesores nunca vista, movéndose en autobuses polas estreitas estradas da Costa da Morte, e a pé pola costa de Traba de Laxe, formou cadea humana e escribiu unha páxina máis da historia do mar, unha resposta incontestable, como todas as da plataforma *Nunca máis*.

A ESCOLA, POLA PAZ

Seguindo o elemental criterio didáctico de "falar da neve cando neva", agora, como sempre, a escola tomou a opción da paz. Dicímolo abertamente: queríamos parar a guerra. O referendo pola paz foi outra convocatoria do colectivo Area Negra integrado na plataforma *Nunca máis*. A escola tamén quería aportar a súa voz para evitar a traxedia. Semellaba unha convocatoria inocente pero con ela desbordou o vaso. A resposta dos gobernantes chegou nunha circular tras a celebración do referendo escolar pola paz o 12 de marzo. Os matóns petaron na mesa e fixeron saltar todas as fichas do dominó e as cartas da baralla. Todas as escolas sentíronse ameazadas, pintaban bastos.


CONDENAN A PAZ

A guerra colócanos na situación do uso máis perverso das palabras, o material co que traballamos. Dixeron que non é competencia da escola a defensa da paz e do medio ambiente, que era facer publicidade e propaganda. Díxoo un goberno acuartelado, que goberna absolutamente só, absolutista, que insulta, que considera aos cidadáns súbditos, propios os recursos públicos, que condena a palabra paz. Dixérono en tempos de guerra e fixeron apoloxía do bombardeo celebrando sen ironía o verso de Celso Emilio: "¡Que ben que a bomba vén co seu rebumbio!".

TODA MESOPOTAMIA É OBXECTIVO MILITAR

Apuntáronse ao bombardeo de Mesopotamia, a terra que estudou por primeira vez o ceo e as estrelas, o pobo que comezou a Historia e inventou a escritura, os primeiros labregos e os primeiros pastores, a terra das primeiras aldeas, das primeiras cidades e das primeiras escolas. ¿Como se pode destruír unha cidade, un país, e facelo no nome da civilización? Bombardearon cidades e os seus barrios, hospitais, mercados, escolas e mesquitas. O curso da invasión seguiu o mesmo curso dos ríos onde naceu a civilización. Consumouse o asalto á Historia, o asalto á razón, o triunfo da barbarie e do espo-


DEBUSHOS DE GUERRA



AUTOBUSH



ABUSHÓN



O LAPIS DO
EMBUSHTEIRO

lio. E queren que a escola galega mire para outro lado. Queren facer dos nosos escolares sardiñas enlatadas pero a escola parécese máis á ardora, á ardentía e ao cardume.

A POLÍTICA, ¿PARA OS POLÍTICOS?

A circular enviada pola Delegación é a maior intromisión na escola da que teñamos memoria. A intervención de Fraga, por se quedaban dúbidas, acusa ao profesorado de facer publicidade e propaganda, de "violar a conciencia dos nenos". "Mirade para outro lado", dinlles á comunidade de artistas, de periodistas, de científicos, de profesores. "Deixádenos a política a nós", é o que queren que fixemos. Pero a política é suficientemente importante para deixala exclusivamente nas mans dos políticos profesionais, e se nos privan da política privánnos da nosa condición de cidadáns.

TODA A EDUCACIÓN É AMBIENTAL E POLA PAZ

Quixeran que mirasemos para outro lado, pero a Educación Ambiental e a Educación pola Paz están presentes en todo o currículo escolar. Atravesan o sistema educativo de cheo e son competencia dos profesionais da educación non só nos contidos, senón tamén nas formas, nas actitudes e nas normas. Non son meras leccións nos nosos programas. Tampouco son publicidade nin propaganda. Seriamos incompetentes precisamente se non o fixemos, pois educamos para defender a natureza e a paz desde todas as asignaturas. Son patrimonio que nunca se debe perder, que nos dan sentido, porque ¿para que ensinamos se non para conservar, para estudar, para amar e para defender estes valores?

Sen educación ambiental e pola paz a sociedade ficaría sen esperanza. A escola, atendendo á súa condición de servizo público, ten que servir para plantear os problemas, para facelo responsablemen-

PARTICIPACIÓN ACTIVA E DESOBEDIENCIA CIVIL FRONTE Á GUERRA OBXECCIÓN FISCAL

O Colectivo Redes Negras e a Asemblea de Obxección fiscal, ante os gravísimos acontecementos que estamos a vivir, consideramos imprescindibles coma mecanismos de denuncia empregar estratexias de desobediencia civil contra a violencia estrutural, promovida por gobernos partícipes na destrución da legalidade, recollida no marco do Dereito Internacional, que impiden o desenvolvemento cara a unha sociedade sostible e de cooperación.

Propoñemos a participación activa da cidadanía a través dunha das formas máis antigas de desobediencia civil como é a Obxección Fiscal. Consiste en que as persoas que presentan a Declaración da Renda (IRPF) se neguen a pagar unha determinada porcentaxe desta, manifestando publicamente na súa declaración o rexeitamento ó militarismo e ó gasto militar, acompañando un documento no que se fai saber ó Ministerio de Facenda que os cartos desvíanse a un proxecto ou colectivo que defende outros valores.

Cadaquén pode escoller o destino, pero este ano nós propoñemos o Centro Social Autoxestionado Mil Lúas da Coruña, xa que é unha iniciativa innovadora pola dinámica de traballo asemblearista e horizontal e

implicada en distintas loitas sociais (antipatriarcado, sostibilidade, grupos de exclusión....). O centro afogado por dificultades económicas pode pechar, quedando sen espacio as voces e accións dos colectivos que desde alí creemos e creamos outras realidades posibles.

Animamos a todas as persoas conscientes á OBXECCIÓN FISCAL.

Pódense baixar os procedementos nos seguintes enderezos:

www.xente.mundo-r.com/obxecci
www.casaencantada.org/redesnegras/

Para máis información e consultas:

Enderezo E:

obxeccionfiscal@yahoo.es.

A Coruña 981 618 249 - 686 732 274

Lugo: 982 246 256

Ourense: 988 326 009

Vigo: 986 369 867

OUTROS CONTACTOS

www.solidaries.org/ofiscal/

www.justiciaipau.org/siof/

www.fundacioperlapau.org

www.nodo50.org/moc-carabanchel/

te, segundo a legalidade democrática, con todos os estamentos, os recursos e os órganos de goberno da comunidade educativa.

A marea negra que padecemos é a catástrofe ambiental máis grave na historia de Galicia. As nosas costas son as que máis teñen padecido mareas negras. No ensino sabemos que a violencia non resolve os problemas, que non hai camiños para a paz, porque a paz é o camiño. Que nunca hai razóns para a guerra, que é a falta de razón. Sabemos que as guerras non as gaña ninguén. Traballamos coa memoria, coa forza da razón, coa serenidade, o rigor e máis a enteireza que esixe o noso oficio, coa crenza firme nos prin-

cipios educativos. Os muros da escola sosteñen as estampas dos desastres da guerra de Goya, de Picasso e de Castelao e traballamos coas palabras da vida.

Sexa logo a escola o lar de Galicia. E que todo, desde o ler até o ensino máis alto, se faga pensando que o saber só vale cando é saber para a vida.

Díxoo Xoán Vicente Viqueira, pedagogo principal de Galicia. Os profesionais da educación non poden, nin queren, nin deben ollar para outro lado. Por iso, como educadoras e educadores que queren e deben traballar en paz e educar para a vida, a escola galega tamén dixo: ¡Non á guerra! ¡Nunca máis!

O colectivo de ensinantes "Area Negra" deu vida á escola galega


VIDA

XERARDO ÁLVAREZ LIMESSES,

O POETA QUE ESCREBEU ENTRE DOUS SÉCULOS (I)

Antón Fiañas

IMO-NOS OCUPAR NAS VINDEIRAS ENTREGAS DE CERNA DUNHA FIGURA TALVEZ UN TANTO ESQUECIDA DA NOSA LITERATURA, O PONTEVEDRÉS XERARDO ÁLVAREZ LIMESSES, NADO O 10 DE DECEMBRO DE 1871 E MORTO O 19 DE FEBREIRO DE 1940. AUTOR DUN ÚNICO POEMÁRIO EN GALEGO, INTITULADO ANTRE DOUS SÉCULOS (1934), FOI NO ENTANTO UN ACTIVO PARTICIPANTE NO MUNDO DOS CONCURSOS E DO XORNALISMO LITERÁRIO DURANTE O PERÍODO INTERSECULAR. NA SUA OBRA, XUNTO CON NOTAS DE COMPROMISO CO PAÍS DESDE COORDENADAS CONFESIONAIS CATÓLICAS E IDEOLÓXICAMENTE MODERANTISTAS, NA LIÑA DO PENSAMENTO DUN ALFREDO BRAÑAS OU DUN LOSADA DIÉGUEZ, ACHAMOS NUMEROSOS ELEMENTOS QUE NOS FALAN DUN POETA CON MOITA SENSIBILIDADE A RESPECTO DA NATUREZA.



Na sua *Historia da literatura galega contemporánea*, Ricardo Carvalho Calero afirmou que Álvarez Limeses “era un bo versificador e coñecía ben a lingua”, indicando que a poesía descritiva e sentimental tipicamente decimonónica era a canle natural da sua lira, tinxida ás veces con ténues pinceladas modernistas. Pola sua banda Méndez Ferrín, no seu *De Pondal a Novoneira*, situou ao autor pontevedrés na chamada “promoción de entre dous séculos” da poesía galega, xunto con Francisca Herrera Garrido, Ramón Cabanillas, Francisco Álvarez de Nóvoa, Samuel Eiján, Antón Noriega Varela e Xoán Plá Zubiri. Ferrín subliñou, así mesmo, que Álvarez Limeses manexou un galego “ricaz e rexo”, que resultou un “autor de composicións de gran liberdade métrica, sumido nun lirismo garimoso e superfi-

cial” e que acusou nos seus versos notórias influencias de autores como Valle-Inclán, Rubén Darío e Francis James.

Xerardo foi fillo do escritor de orixe sanabresa e catedrático de ensino secundario en Pontevedra Emilio Álvarez Giménez (1830-1911), recordado especialmente na nosa historia literaria polo seu drama histórico *Mari Castaña* (premiado en Lugo no 1877). Foron sobriños do noso autor os tamén poetas Xosé M^a (1915-1985) e Emilio (1919-1988) Álvarez Blázquez, continuadores dunha saga poético-familiar como non hai outra nas letras galegas.

Xerardo Álvarez Limeses estudou en Compostela a carreira de Dereito e en Madrid a de Maxisterio. Exerceu logo a advocacia na sua cidade natal e foi profesor de Dereito e Lexislación Escolar en Lugo. Desde 1904, traballou como

inspector de Ensino Primario, residindo por algun tempo na parroquia de Baión, en Vilagarcía de Arousa. Foi, ademais, membro correspondente da Academia Galega, sócio e protector do “Seminario de Estudos Galegos” (proposto o 23 de outubro de 1926 e ingresado o 7 de abril de 1928, coa lectura do traballo *El Padre Sarmiento precursor de los estudios gallegos*), afiliado do Partido Galeguista e co-fundador e vice-director do Museo de Pontevedra.

Como xornalista fixo parte, en primeiro lugar, da redacción e administración da revista quincenal ilustrada *Galicia Moderna* de Pontevedra, que se editou entre 1897 e 1898 baixo a dirección de Henrique Labarta Pose (Baio, 1863-Barcelona, 1925). Tamén foi xerente da revista ourensá *Mi tierra* (1911), que dirixía o daquela intelectual

agrário-basilista Eugenio López-Aydillo e na que apareceron algunhas colaboracións de Noriega Varela, Risco, Rey Soto, Rodríguez Elías e Manuel Lustres Rivas, entre outros.

Artigos e, sobre todo, poemas de Álvarez Limeses foron igualmente reproducidos en diversos momentos por cabezallos como *El Eco de Galicia* e *Suevia* (La Habana), *La Integridad* (Tui), *La Provincia*, *Cristal* e *Spes* (Pontevedra), *Galicia* (Madrid), o semanario *Marín*, *Crónica Literaria* (Ourense), a revista *Suevia* (Santiago), a revista *Vida Gallega* e o diário *Galicia* (Vigo), o boletín da "Juventud Católica" de Pontevedra *Acción* (1928-1930), o voceiro galeguista *A Nosa Terra*, etc. No número 790 de *El Eco Franciscano* de Santiago, correspondente a outubro de 1926, o católico practicante Xerardo contribuíu para a conmemoración do VIIº centenario da orde fundada polo *poverello* de Asis publicando o poema "El sermón de los pájaros".

Álvarez Limeses editou dous poemarios en castelán, intitulados *Margaritas* (Madrid, 1893) e *Versos morales, fábulas, cuentos, poesías sueltas* (1ª ed. 1898; 4ª ed., Ourense, Tipografía de *La Región*, 1914), respectivamente. Escrebeu tamén o volume "Provincia de Pontevedra" para a *Geografía de Galicia* editada nos anos 20, en luxosos e coidados volumes, pola casa catalana Carreiras i Candi.

En 1904 Álvarez Limeses alzouse co triunfo nuns Xogos Florais celebrados na vila de Viveiro, baixo os auspicios do subdiácono santiagués e director do semanario católico-conservador local *El Eco de Viveiro*, Jesús Noya González.

Precisamente un poema "A Viveiro", escrito en oitavas reais, presentado sob o lema "Historia ejemplar" e recollido posteriormente no volume *Juegos Florales. Poesías premiadas en el Certamen Científico Literario celebrado el 5 de Octubre de 1915* (Imprenta de Ricardo F. de Rojas, Madrid, 1916), valeulle a Xerardo o máximo galardón nun dos apartados dos Xogos que se celebraron na cidade das murallas, coincidindo coas festas do Santo Froilán en 1915, por iniciativa da "Liga de Amigos de Lugo". Era esta unha entidade afecta ao *statu quo* político-relixioso da época e presidida polo médico e escritor Xesús Rodríguez López (1859-1917), autor de obras como a novela *A cruz de salguei-*

ro (1899) e a peza teatral *O Chufón* (1915).

O asesor consular en Uruguai e membro do consello de administración de *La Voz de Galicia* José Mª Riguera Montero (Muraš, 1884-Pedeboi, 1922), destacado detractor da Academia Galega e do seu presidente Manuel Murguía, foi o persoeiro que financiou, concretamente con 200 pesetas, ese apartado do certame, para o que se presentaron un total de oito composicións. O xurado considerou a este respecto que entre elas destacaba "notablemente la señalada con el lema 'Historia ejemplar'", pois aínda que "no está exenta de tal cual prosaísmo (...) tiene octavas excelentes, muchas de ellas casi impecables". Ese poema "A Viveiro" contén as seguintes estrofas, bastante significativas a respecto da concepción naturalista (se se quixer paisaxística), de corte tradicionalista e marcadamente sentimental da "patria" que Álvarez Limeses profesaba:

(...) *Patria es el aire que al nacido orea,
La humilde cuna que la madre mece,
La choza oculta de la pobre aldea,
La enredadera que en sus muros crece,
La débil llama del hogar que humea,
El árbol que a su pie brota y florece,
El arroyuelo que al pasar murmura,
La luz del sol que al declinar fulgura...*


*Tiene por Patria el pajarillo, el nido;
La abeja, su panal; su red, la araña;
El pez, el Oceano indefinido;
La fiera, el bosque; el bruto, la montaña;
El humano, el terruño en que ha nacido;
Y tan inmenso amor la Patria entraña,
Que ¡hasta Aquel que los mundos crea
y rige,
Arista leve para Patria elige!*

*Yo también tengo Patria, ¡Patria mía,
Hermosa, dulce, triste, desangrada,
Tesoro de belleza y poesía,
Cuanto más afligida, más amada!
Ella los puntos de mi pluma guía,
Por ella suena amante mi tonada,
Y con mi pobre inspiración le brindo,
Mientras el propio corazón le rindo.*

No mesmo certame literario lugués que mencionamos, en que actuaron como xuri os profesores universitarios Armando Cotarelo Valledor (1879-1950) e Salvador Cabeza de León (1864-1934), Xerardo recibiu un accésit polo poema en galego "Entre lusco e fusco" e diversas mencións honoríficas polos poemas en castelán "A los ausentes", "La niña y la estrella" e "Los dos obreros".

Digamos de pasaxe, para rematar esta entrega, que outras figuras que resultaron galardonadas na ocasión, nalgún dos doce apartados históricos e poéticos diferentes en que se organizou o concurso, foron Eugenio Carré Aldao (1859-1932), propietario da famosa "Cova Céltica" coruñesa, pola súa *Monografía sobre historia del periodismo lucense*; Dolores del Río Sánchez-Granados (?-?), que recibiu unha mención honorífica polo seu poema humorístico "Bóo remedio"; e Modesto Lamas Sánchez Carvajal (1875-1933), premiado cun accésit polo poema "A bruxa". Este último, fillo do poeta ourensán Valentin Lamas Carvajal (1849-1906), exercera como director do xornal *El Eco de Orense* entre 1906-1909 e traballaba nesa altura como alto funcionario de Facenda na cidade herculina.

(vai continuar)



COMPOSTELA, CIDADE SOSTÍBEL

Santiago camiña hoxe cara o **desenvolvemento sostíbel**.
Asinando a *Carta de Aalborg* e asumindo os compromisos da mesma,
realizando unha *Auditoría ambiental* para pór en marcha a
Axenda 21 Local e un plan municipal de residuos que potencie
a reciclaxe e a compostaxe, programando a recuperación integral
dos espazos naturais e promovendo a participación social
a través do *Consello Municipal de Medio Ambiente*



Compostela recibe o premio
**"Bandeira Verde,
Cidade Sostíbel"**
pola súa xestión ambiental


**CONCELLO DE
SANTIAGO**


medio ambiente





Fotografía: © Peter Schneider • Escultura: Frank Faller

CHIPKO

Porque
Ela abrazava árbores
E tiña follas no sorriso
Eu
Sempre quixen
Estar na súa sombra
Coa terra nos dentes
E entre os dedos
E niños de paxaro
Moi por dentro dos ollos

FRANCISCO SOUTO